



*ESTRATEGIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE **TRANSFRONTEIRIZA***
*GALICIA - NORTE DE PORTUGAL (**RIS3T**)*

Contido

1. INTRODUCCIÓN	9
2. DESCRICIÓN E CONTIDO DO DOCUMENTO	13
3. METODOLOXÍA	15
3.1. PROPOSTA METODOLÓXICA E PLANIFICACIÓN XERAL DO PROCESO	16
3.2. METODOLOXÍA SEGUIDA PARA A DIAGNOSE DO SISTEMA DE INNOVACIÓN DA EURORREXIÓN	20
3.3. METODOLOXÍA SEGUIDA PARA O ESTABLECEMENTO DA GOBERNANZA	22
3.4. METODOLOXÍA SEGUIDA PARA A DEFINICIÓN DA VISIÓN COMPARTIDA E AS ÁREAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN	23
3.5. METODOLOXÍA SEGUIDA PARA O ESTABLECEMENTO DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS	24
3.6. METODOLOXÍA SEGUIDA PARA A DEFINICIÓN DO SISTEMA DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO	27
4. EVOLUCIÓN DA COOPERACIÓN	29
5. DIAGNOSE DO SISTEMA DE I+D DE GALICIA – NORTE DE PORTUGAL	35
Organización administrativa	37
Principais datos do territorio	38
5.1 CARACTERIZACIÓN DO SISTEMA DE I+D NA EURORREXIÓN	42
5.1.1. Axentes no sistema de Innovación.	42
5.1.2. Situación actual da I+D na Eurorrexión.	44
5.1.2.1. Áreas de especialización da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal Galicia	45
Área de especialización produtiva	45
Área de especialización tecnolóxica	48
Área de especialización científica	50
Conclusións.	52
Norte de Portugal	52
Área de especialización económica	52
Área de especialización científica	54
Área de especialización de produción tecnolóxica	55
Conclusión	56
5.2 CONCLUSIÓN DA DIAGNOSE - ANÁLISE DAFO	58

6. VISIÓN COMPARTIDA

61

7. ÁREAS ESTRATÉGICAS DE COLABORACIÓN

67

- 7.1 ÁREA ESTRATÉGICA DE COLABORACIÓN: APROVEITAMENTO DA ENERXÍA PROCEDENTE DA BIOMASA E DO MAR 71
- FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉGICA 71
- TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES 72

- 7.2 ÁREA ESTRATÉGICA DE COLABORACIÓN: POTENCIAR A COMPETITIVIDADE DAS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIA E BIOTECNOLÓXICA 72
- FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉGICA 72

- 7.3 ÁREA ESTRATÉGICA DE COLABORACIÓN: INDUSTRIA 4.0 74
- FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉGICA 74
- TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES 76

- 7.4 ÁREA ESTRATÉGICA DE COLABORACIÓN: COMPETITIVIDADE DAS INDUSTRIAS DE MOBILIDADE 76
- FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉGICA 76
- TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES 78

- 7.5 ÁREA ESTRATÉGICA DE COLABORACIÓN: MODERNIZACIÓN DAS INDUSTRIAS TURÍSTICAS E CREATIVAS, TAMÉN MEDIANTE AS TIC 78
- FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉGICA 78
- TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES 79

- 7.6 ÁREA ESTRATÉGICA DE COLABORACIÓN: SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA A VIDA SAUDABLE E ENVELLECIMENTO ACTIVO 80
- FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉGICA 80
- TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES 81

8. MECANISMOS DE XESTIÓN

83

- 8.1 ESTRUCTURA DE XESTIÓN 84
- 8.1.1 Comité de Dirección 84
- 8.1.2 Equipo Xestor RIS3T 84
- 8.1.3 Grupos de Traballo 85

- 8.2 FERRAMENTAS DE XESTIÓN 86
- 8.2.1 APP RIS3T 86
- 8.2.2 Foros RIS3T 86
- 8.2.3 Observatorio RIS3T 86

9. SISTEMA DE AVALIACIÓN

87

- 9.1. METODOLOXÍA PROPOSTA 87

9.2. ORGANISMOS RESPONSABLES	88
ANEXO	89
RETOS E PRIORIDADES DAS ESTRATEXIAS REXIONAIS DE GALICIA E DA REXIÓN NORTE DE PORTUGAL	89
A. ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE DE GALICIA 2014-2020	89
RETO 1. Novo modelo de xestión innovadora de recursos naturais e culturais baseado na innovación	89
RETO 2. Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento	89
RETO 3. Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación.	90
B. ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE NORTE 2020	91

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Metodoloxía da Plataforma S3 para a definición das Estratexias de Especialización Intelixente.
Figura 2. Fases da metodoloxía onde os aspectos transnacionais poden ser máis destacables.
Figura 3. Principais fitos do proceso de desenvolvemento da Estratexia.
Figura 4. Metodoloxía proposta para a realización da diagnose.
Figura 5. Estrutura da Gobernanza Proposta.
Figura 6. Metodoloxía proposta para a identificación das áreas estratéxicas de colaboración.
Figura 7. Web da RIS3T.
Figura 8. APP da RIS3T.
Figura 9. Cuestionario online para os axentes participantes na elaboración da RIS3T.
Figura 10. Gráfico que reflicte a participación (respostas obtidas) dos Axentes por rexión.
Figura 11. Evolución da cooperación Galicia -Norte de Portugal.
Figura 12. Mapa de localización da Eurorexión Galicia – Norte de Portugal no seo da UE.
Figura 13. Mapa da tipoloxía Urbano– Rural da ÁREA Transfronteiriza España – Portugal.
Figura 14. Mapa de localización das principais cidades da Eurorexión.
Figura 15. Produto Interior Bruto por NUTS3 en estándar de poder adquisitivo (EPA), coa porcentaxe da media da UE.
Figura 16. Composición dun Sistema de Innovación e interrelacións existentes.
Figura 17. Evolución da estrutura produtiva de Galicia.
Figura 18. Índice de Especialización Produtiva Relativa de Galicia/España.
Figura 19. Especialización Tecnolóxica de Galicia no período 2007-2010.
Figura 20. Índice de Especialización Tecnolóxica Relativa Galicia/España 2007-2010.
Figura 21. Especialización Científica de Galicia.
Figura 22. Especialización produtiva na Rexión Norte.
Figura 23. Especialización científica Rexión Norte.
Figura 24. Especialización de produción tecnolóxica.
Figura 25. Intereses dos axentes en colaborar.
Figura 26. Prioridade das colaboracións.
Figura 27 : Programas de interese para colaboracións futuras.
Figura 28 : Programas Interreg de interese para colaboracións futuras.
Figura 29. Principais sinerxias entre as Estratexias de Galicia – Rexión Norte.
Figura 30: Distribución de interese nas áreas Estratéxicas de colaboración.
Figura 31. Estrutura de xestión da RIS3T.

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Estructuras estables de cooperación na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

Táboa 2. Datos xerais da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

Táboa 3. Gasto en I+D (porcentaxe do PIB) en 2010.

Táboa 4. Índice de especialización de produción tecnolóxica.

Táboa 5. Debilidades e Fortalezas da Eurorrexión.

Táboa 6. Ameazas e Oportunidades da Eurorrexión.

Táboa 7. Matriz das sinerxías entre as prioridades das RIS3 Galicia – Norte de Portugal.

Táboa 8. Tipos de actuacións priorizadas área Enerxías Mariñas e Biomasa.


Táboa 9. Tipos de actuacións priorizadas área Industrias Agroalimentaria e Biotecnolóxica.

Táboa 10. Tipos de actuacións priorizadas área Industria 4.0.

Táboa 11. Tipos de actuacións priorizadas área Industrias da Mobilidade.

Táboa 12. Tipos de actuacións priorizadas área Industrias Turísticas e Creativas.

Táboa 13. Tipos de actuacións priorizadas área Vida Saudable e Envellecemento Activo.



1. INTRODUCCIÓN

A Unión Europea (UE) contempla como un principio clave para o avance económico e social nos Estados Membros o fomento dun crecemento intelixente, sostible e integrador. Propiciar estes principios require dunha estratexia exhaustiva de innovación europea, tal e como se estableceu no documento "Unión pola Innovación"(1), que persegue o obxectivo de investir en investigación, innovación e iniciativa empresarial en todos os Estados membros e rexións da UE, así como no máximo aproveitamento do potencial de Europa.

É amplamente recoñecido o papel clave que á innovación supón como base para a competitividade empresarial, a xeración de empregos de calidade e sostibles no tempo e o desenvolvemento socioeconómico das sociedades.

Sobre esta base, a Unión Europea situou a innovación no núcleo da Estratexia Europa 2020 a través da iniciativa emblemática Unión pola Innovación, co obxectivo de articular unha estratexia exhaustiva de innovación baseada no coñecemento e converter a I+D nunha prioridade para todas as rexións, recoñecendo así o seu rol esencial para conseguir políticas de competitividade e desenvolvemento rexional máis eficaces.

En consecuencia, a nova Política de Cohesión 2014-2020 aposta pola Especialización Intelixente como enfoque estratéxico para impulsar o desenvolvemento económico a través dun apoio máis eficiente e eficaz á investigación e á innovación. Este concepto refírese á concentración dos recursos dispoñibles no contexto rexional ó servizo dun número limitado de prioridades ligadas ás oportunidades reais do contexto económico rexional para provocar unha especialización económica das rexións, competitiva no contexto global.

Seguindo nesta liña, a Comisión Europea ven solicitando das autoridades nacionais e europeas a preparación de Estratexias de Especialización Intelixente (RIS3), que permitan unha maior eficacia na utilización dos Fondos Estruturais, posibilitando a xeración de sinerxías entre as diferentes políticas da UE, nacionais e rexionais, así como os investimentos públicos e privados, no novo período 2014-2020.

Hoxe en día, para ser globalmente competitivas, as rexións deben ter en conta ó mesmo tempo dúas tendencias relacionadas:

(1) Documento publicado en outubro 2010.

✓A crecente densidade de relacións internacionais, tanto a nivel de redes de

xeración do coñecemento como de integración produtiva e comercial a nivel global.

- ✓ A persistente importancia dos marcos territoriais para a conectividade.

Así, as estratexias efectivas de especialización intelixente non poden establecerse cun enfoque restrinxido á propia rexión. A concentración de obxectivos acentúa a necesidade de crear maiores dinámicas externas, coordinando e aproveitando as sinerxías con iniciativas políticas, instrumentos e infraestruturas noutras rexións. Neste senso, a colaboración transrexional é un aspecto central e un reto para a especialización intelixente, especialmente no caso de rexións próximas cunha dimensión transfronteiriza. As potencialidades de enriquecemento das redes de innovación son especialmente importantes en contextos transfronteirizos e permiten saltos relevantes de escala, sofisticación e alcance, obtendo sinerxías e complementariedades a nivel de segmentos de cadea de valor e unha variedade relacionada máis profunda.

A propia Comisión Europea (2012) considera que a especialización intelixente en si mesma comporta a necesidade da cooperación estratéxica como compoñente esencial, subliñando a importancia dunha orientación cara ás cadeas de valor globais, a busca de sinerxías con outras rexións e a construción de colaboracións e redes transrexionais. Pola súa parte, a OCDE (2013) inclúe entre as vantaxes desta colaboración o aumento das economías de escala e alcance, a maximización dos efectos spill over, unha mellor valorización das capacidades e dos recursos e de acceso a servizos especializados, favorecendo a obtención dun ecosistema de innovación máis rico que aumenta as oportunidades das empresas, moi especialmente das PEMES e permite aproveitar mellor o talento.

A elaboración de Estratexias de Especialización Intelixente permitiu, tanto en Galicia coma no Norte de Portugal, identificar prioridades que deberán rexer a aplicación das políticas públicas e dos recursos financeiros relacionados. Esta identificación de prioridades e de actores relevantes nos territorios permite identificar os elementos fundamentais á hora de elaborar unha estratexia conxunta.

ó mesmo tempo, a colaboración transrexional, moi especialmente se ten unha base transfronteiriza, permite unha maior eficacia e alcance das ferramentas de política de innovación que poden ser postas en marcha polas rexións no marco das súas RIS3. Deste xeito, a través dun enfoque coordinado no contexto da Especialización Intelixente sería posible:

- Aproveitar mellor os diferentes marcos de financiamento e reforzar os seus vínculos (principalmente a nivel de Programas Operativos Rexionais), mobilizando de xeito máis efectivo os fondos específicos existentes para a cooperación transrexional e transfronteiriza (como POCTEP). No seu conxunto, a Unión Europea vai destinar máis de 10.000 millóns de euros¹ para cooperación transfronteiriza, transnacional e transrexional no marco dos fondos estruturais.
- Poñer en marcha accións coordinadas para captar fondos sobre bases de excelencia competitiva (como H2020 ou Esquema Era-net) da Eurorrexión. Igualmente, facilitaría o establecemento de sinerxías cos instrumentos exteriores da UE e permitiría maximizar o impacto das relacións con outras iniciativas a nivel europeo e unha contribución máis eficaz á axenda política europea e ós programas de traballo.

¹ Cifras relativas ós 197 programas de cooperación nos que se estruturan os Interreg V A, B e C para todo o territorio da UE.


- Alcanzar niveis superiores de masa crítica baseadas nas sinerxías e complementariedades de innovación a nivel de cadea de valor, dada a crecente combinación de coñecementos e capacidades produtivas necesarias nos procesos innovadores.

O deseño desta Estratexia, en diante RIS3T 2015-2020 foi coordinado dende cada lado da fronteira polas seguintes entidades:

- A Axencia Galega de Innovación (GAIN), creada mediante o Decreto 50/2012 da Xunta de Galicia, do 12 de xaneiro como órgano instrumental da administración autonómica, que ten por finalidade apoiar e impulsar o crecemento e a competitividade das empresas galegas, fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, sendo ademais a entidade que liderou o proceso de definición da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia 2014-2020) así como quen liderará a súa implementación.
- E a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDRN), institución pública que ten por obxecto o desenvolvemento integrado e sostible do norte de Portugal, contribuindo á competitividade e á cohesión do territorio, e organismo responsable do desenvolvemento da Estratexia de Especialización Intelixente do Norte de Portugal e da xestión do Programa Operativo Rexional do Norte 2014-2020.

En definitiva, o deseño dunha Estratexia de Especialización Intelixente conxunta para Galicia e o Norte de Portugal apoiouse naquelas actividades baseadas en coñecemento enraizadas no territorio que presentan un maior potencial de competitividade no contexto global e nas que se estean concentrando xa dun xeito endóxeno dinámicas de descubrimento emprendedor.

Neste sentido, GAIN e CCDRN, como entidades coordinadoras, lideraron este proceso de planificación estratéxica, realizado a través dun proceso de reflexión e de consenso entre os principais interlocutores das rexións. Este proceso, iniciado coa elaboración dunha diagnose sobre a situación da Eurorrexión no eido da I+D+i, permitiu a formulación dunha visión compartida sobre o potencial de desenvolvemento conxunto, que posteriormente se materializou no establecemento dunhas áreas estratéxicas de colaboración concretadas nunha serie de actuacións priorizadas. Todo isto conforma o cerne da estratexia resultante e, polo tanto, do contido do presente documento.



2. DESCRICIÓN E CONTIDO DO DOCUMENTO

O presente documento detalla o traballo realizado para a definición da Estratexia de Especialización Intelixente da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal 2015-2020 artellándose en base a nove apartados cuxo contido se describe a continuación.

En primeiro termo, na definición da Estratexia RIS3T Galicia – Norte de Portugal abórdase, no Apartado 3, a metodoloxía utilizada, seguindo a proposta pola Plataforma Europea de Especialización Intelixente dentro da súa correspondente Guía², e adaptándoa ó contexto de elaboración dunha RIS3 Transfronteiriza, para continuar no resto do documento coa aplicación práctica da metodoloxía escollida.

O seguinte paso foi a realización dunha análise arredor das colaboracións precedentes entre ambas rexións (Apartado 4) e a elaboración dunha análise formal do contexto rexional e do potencial de especialización, plasmada na Diagnose do Sistema de I+D de Galicia Norte de Portugal, e abordada no Apartado 5 do presente documento. Da análise DAFO final coa que remata o documento de Diagnose pódense extraer os principios reitores que serviron de base para a posterior definición da Estratexia RIS3T.

En base ás conclusións obtidas na Diagnose e tras un exercicio de reflexión estratéxica conxunta levouse a cabo a definición dunha visión compartida e acordada para o futuro de ambas rexións (detallada no Apartado 6) sobre a base da cal se establecen as áreas estratéxicas de colaboración de ambas rexións así como as actuacións priorizadas en cada unha das 6 áreas de colaboración (Apartado 7), a saber:

- Aproveitamento da enerxía procedente da biomasa e do mar.
- Potenciación da competitividade das industrias agroalimentaria e biotecnolóxica.
- Industria 4.0.
- Fomento da competitividade das industrias de mobilidade.
- Modernización das industrias turísticas e creativas a través das TIC.
- Solucións avanzadas para a vida saudable centrada no Envellecemento Activo.

Con estas accións, chegouse ó aliñamento de todos os elementos anteriores: Diagnose, Visión, Áreas de colaboración estratéxicas e actuacións priorizadas.

² Comisión Europea: "Guide to Research and Innovation Strategies for Smart Specialisation (S3); Pax. 18; Maio 2012.

Para rematar, nos Apartados 8 e 9 trátanse, respectivamente, as estruturas e ferramentas de xestión propostas para a implementación da Estratexia RIS3T, así como o sistema de avaliación e indicadores a utilizar no seguimento da execución da mesma.

3. METODOLOXÍA

Este apartado resume o proceso, a metodoloxía e as técnicas implementadas para a elaboración da Estratexia RIS3T 2015-2020, proceso comezado no verán do ano 2014 e finalizado no mes de setembro de 2015.

Ó longo dos anos 2013 e 2014, tanto Galicia como a rexión Norte de Portugal desenvolveron o proceso de definición das súas Estratexias Rexionais de Especialización Intelixente, seguindo a metodoloxía formulada pola Plataforma S3 dentro da súa Guía para o Desenvolvemento dunha Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), consistente en 6 pasos, tal e como se reflicte a continuación:

Figura 1. Metodoloxía da Plataforma S3 para a definición das Estratexias de Especialización Intelixente



Fonte: Elaboración propia a partir da Guía S3

Ambas Estratexias foron aprobadas ó longo do ano 2014 a nivel rexional e por parte da Unión Europea.

Sobre a base das dúas RIS3 rexionais, no mes de xullo de 2014, constituíuse entre a Comissão de Coordenação da Região do Norte e a Axencia Galega de Innovación un grupo de traballo transfronteirizo co obxectivo de definir as bases metodolóxicas para o proceso de elaboración dunha Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 conxunta para a Eurorexión conformada por Galicia e o Norte de Portugal.

A RIS3 da Eurorexión ten como finalidade definir un marco de cooperación estratéxica para dar unha resposta coordinada a desafíos comúns que, no eido das políticas de innovación, poidan ser manexados dunha forma máis eficaz e eficiente de forma conxunta, a mobilización de novas iniciativas e proxectos e facilitar a captación de fontes de financiamento específicas.

Neste sentido, a Estratexia de Especialización Intelixente da Eurorexión establece unha estratexia macrorrexional, de acordo cos seguintes principios recollidos na regulación europea 2014-2020:

- Ser un marco integrado para unha mesma área xeográfica supra estatal.
- Abordar os desafíos comúns.
- Afondar nos beneficios da cooperación para a cohesión económica, social e territorial.

3.1. PROPOSTA METODOLÓXICA E PLANIFICACIÓN XERAL DO PROCESO

O proceso de definición da Estratexia de Especialización Intelixente conxunta Galicia – Norte de Portugal seguiu unha adaptación da metodoloxía proposta pola Plataforma S3, anteriormente mencionada, tendo en conta o novo ámbito territorial (suprarrexional) e a existencia das Estratexias Rexionais de ambas rexións. Neste sentido, o proceso, asumiu como un dos elementos centrais o establecemento dun proceso de descubrimento emprendedor, participativo e integrador, que involucrase ós axentes dos sistemas de innovación de Galicia e da Rexión Norte con dimensión e potencialidade transrexional. A realización dun proceso de descubrimento emprendedor transrexional representa unha grande oportunidade para ampliar a expertise e o coñecemento dos mercados, incrementar a súa complexidade e descubrir oportunidades ocultas.

En relación ós procesos de elaboración das respectivas RIS3³ rexionais, dita metodoloxía foi simplificada tendo en conta a existencia das estratexias rexionais individuais⁴, aprobadas tanto en Galicia como na Rexión Norte, que xa implicaron a realización dos seus respectivos procesos participativos de descubrimento emprendedor, e o aproveitamento das estruturas de gobernanza xa establecidas no proceso de definición así como formuladas no proceso de execución.

³ nclúsen en Anexo os retos e prioridades recollidas en ambas Estratexias.

En consecuencia, o proceso de elaboración da RIS3 da Eurorexión tivo como base as respectivas RIS3 da Rexión Norte e de Galicia, desenvolvendo un proceso de descubrimento emprendedor específico neses aspectos que se identificaron como compartidos e nos que exista un importante valor engadido da dimensión transrexional. Así mesmo, para a súa definición tivéronse en conta os seguintes aspectos:


- Cales son os axentes dos sistemas de innovación da Eurorexión con capacidade ou potencialidade para actuar en redes de coñecemento e produtivas de dimensión transrexional?
- Cales son os ámbitos que poden alcanzar un nivel superior de masa crítica baseada nas sinerxías e nas complementariedades de innovación a nivel de cadea de valor ou de actividades relacionadas (multisectoriais)? Cales son os problemas comúns, cales as oportunidades compartidas? Cales son as principais actividades emprendedoras de base innovadora?
- Conectividade das actividades no ámbito da Eurorexión (internas e externas)?
- Oportunidades de coordinación de accións de política de innovación?

Así, as fases propostas para a definición dunha estratexia conxunta foron:

1. Análise: baseada nas diagnoses individuais das rexións de Galicia e Norte de Portugal pero tamén das diagnoses da área conxunta realizadas por outras estruturas existentes tales como o Secretariado Técnico Conxunto do Programa POCTEP ou a AECT Galicia – Norte de Portugal.
2. Proceso e Gobernanza: creación dunha gobernanza para a definición da Estratexia conxunta en liña coas gobernanzas previamente establecidas, que non implique a creación de novas estruturas formais senón a utilización de estruturas preexistentes, así como a definición da metodoloxía a seguir no proceso de descubrimento emprendedor transfronteirizo.
3. Visión compartida: identificar unha visión global para a Eurorexión sobre o seu futuro baseado na análise conxunta realizada na fase de diagnose.
4. Selección de áreas estratéxicas de colaboración: selección de áreas comúns no marco das Estratexias individuais e afondamento nos puntos comúns desas áreas de cara a identificar as actuacións a priorizar.
5. Accións comúns e medidas de apoio: identificación das accións comúns que poidan ser realizadas de forma conxunta por ambas rexións para lograr alcanzar a visión de futuro, utilizando as diferentes vías de financiamento dispoñibles a nivel europeo, tales como os Programas de Cooperación Territorial Europea, o Programa Horizonte 2020 ou outros programas europeos tales como Cosme, Life, etc, así como, no caso de considerarse axeitado, a través da coordinación entre os instrumentos específicos de cada rexión dos seus propios Programas Operativos rexionais, no marco das posibilidades de subvencionabilidade de operacións apoiadas polos Fondos EIE fóra da zona do programa, que se establece para este período 2014-2020.
6. Seguimento e Avaliación: definición de indicadores comúns para o seguimento e avaliación da Estratexia.

A continuación recóllese un gráfico onde se destacan estes aspectos transnacionais de cara á utilización da metodoloxía RIS3 para a definición desta nova Estratexia conxunta, sendo este o punto de partida utilizado para o desenvolvemento da mesma:


Figura 2. Fases da metodoloxía onde os aspectos transnacionais poden ser máis destacables



Fonte: Elaboración propia a partir de Interregional Colaboration in RIS3

Unha vez acordada a metodoloxía entre as partes, deuse comezo ós traballos de definición, dos que se mostran a continuación os principais fotos:

Figura 3. Principais fitos do proceso de desenvolvemento da Estratexia



Fonte: Elaboración propia a partir da Guía S3

No mes de xullo de 2014 iniciárase o proceso coa conformación do Grupo de Traballo transfronteirizo (Secretaría Técnica) formado por representantes da Axencia Galega de Innovación (GAIN) e da CCDRN, primeiro paso do proceso e que da por lanzada a Gobernanza da definición da Estratexia. A partir deste momento, iníciase a fase de Análise conxunta, que culminou coa redacción dunha diagnose conxunta e a identificación das principais áreas de colaboración na Erorrexión, presentada no mes de setembro de 2014.

En outubro de 2014, a Secretaría Técnica (CCDRN /GAIN), en adiante ST, en base ás tarefas previas, traballou na definición da visión compartida e a proposta de prioridades conxuntas, así como das accións e instrumentos de apoio máis axeitados para desenvolver as vantaxes competitivas derivadas das prioridades seleccionadas, tendo en conta os distintos programas operativos rexionais e transfronteirizos, así como outras fontes de financiamento a nivel internacional, principalmente H2020. Así mesmo, neste mes definiuse a composición dos diferentes grupos de traballo (GTs) a través dos cales impulsar o desenvolvemento do proceso. Estes traballos iniciais déronse a coñecer no marco do I Foro celebrado a principios de novembro de 2014 en Baiona no que participaron máis de 200 axentes do sistema de innovación tanto de Galicia como da rexión Norte de Portugal. No marco deste Foro, ademais de presentarse a metodoloxía e o obxecto da Estratexia, lanzáronse os GTs e realizouse a validación da diagnose elaborada nos meses previos.

Entre os meses de novembro 2014-xuño 2015, levouse a cabo un importante traballo interno por parte da ST, acometendo, entre outras, as seguintes accións:

- Reunións internas da Secretaría Técnica, constituída pola CCDRN e GAIN, como equipo xestor do proceso e responsable do seu impulso nas diferentes fases.
- Creación da imaxe de marca da Estratexia e as ferramentas precisas para o lanzamento do proceso participativo, como foi o deseño do logo da Estratexia, a posta en marcha da web da Estratexia, o deseño e lanzamento dunha APP para a realización do proceso participativo, etc.
- Definición do cuestionario a utilizar no proceso participativo.

Así mesmo, presentouse o proceso no marco das Comisións Sectoriais da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal como a celebrada o 26 de maio de 2015 en Vigo, que serviu para lanzar o proceso participativo a nivel institucional entre ambas rexións.


Estes traballos internos culminaron no mes de xullo de 2015 co lanzamento oficial das ferramentas (web e APP) ós axentes participantes nos GTs e a apertura do prazo para responder ó cuestionario definido conxuntamente polos membros da ST, que estivo dispoñible para a súa resposta ata finais de agosto de 2015.

En setembro de 2015, unha vez finalizado o proceso participativo, os membros da ST traballaron no tratamento das respostas recibidas e a redacción das conclusións do proceso, culminando así o proceso iniciado no verán de 2014.

3.2. METODOLOXÍA SEGUIDA PARA A DIAGNOSE DO SISTEMA DE INNOVACIÓN DA EURORREXIÓN

Como primeiro paso para a definición dunha Estratexia RIS3 conxunta Galicia – Norte de Portugal realizouse unha análise conxunta do territorio en materia de I+D+i. A metodoloxía que se formulou para a realización desta tarefa foi utilizar como base as Estratexias RIS3 de ambas rexións así como outros documentos e estratexias existentes no ámbito da Eurorrexión, tal e como se reflicte no seguinte gráfico.

Figura 4. Metodoloxía proposta para a realización da diagnose



Fonte: elaboración propia

Así, a diagnose realizada baseouse principalmente nas seguintes fontes de información:

A) Fontes de información secundaria:

- Diagnose RIS3 Galicia e Diagnose RIS3 Rexión Norte.
- Diagnose Territorio incluída no borrador do PO España – Portugal 2014-2020.
- Diagnose do Territorio incluído no PIC.

B) Fontes de información primaria:

- Achegas do equipo designado en ambas rexións a través das xuntanzas de traballo realizadas.
- Achegas a nivel institucional a través das xuntanzas mantidas en diversos foros, como as realizadas no marco da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal.
- Achegas realizadas por parte dos principais stakeholders dentro do marco dos diferentes Grupos de Traballo definidos, como as realizadas no marco do I Foro celebrado en Baiona.

O resultado final desta fase foi unha diagnose RIS3 Galicia – Norte de Portugal entendida como un documento de partida a utilizar nas fases posteriores do proceso, no que se reflectiron:

- Os principais datos caracterizadores do territorio e do sistema de I+D+i.
- Mapa de actores e capacidades da Eurorexión.

- Os principios reitores comúns presentes en ambas estratexias, as súas sinerxías e complementariedades.
- Un DAFO común da Eurorexión no tocante a I+D+i.

3.3. METODOLOXÍA SEGUIDA PARA O ESTABLECEMENTO DA GOBERNANZA

A gobernanza para a definición da estratexia conxunta baseouse nas estruturas xa definidas nas estratexias RIS3 individuais de ambas rexións tendo en conta ademais o marco transrexional de traballo.

A diferente estrutura administrativa que presentan ambas rexións obrigou a que esta cuestión fora abordada tendo en conta a distribución de competencias existente en cada unha, de cara a lograr acadar unha gobernanza eficaz como peza clave do proceso. Por este motivo, esta cuestión dentro do proceso foi a primeira acción establecida para a definición da estratexia conxunta, acordándose a creación da seguinte estrutura:

- a) Comité de Dirección: A coordinación estratéxica será desenvolvida pola CCDRN na Rexión Norte e pola Xunta de Galicia, a través de GAIN, na rexión galega. Este será o órgano de goberno formado por representantes a nivel político de ambas entidades.
- b) Equipo xestor (Secretaría Técnica): A nivel técnico, o equipo xestor do proceso estará composto por persoal designado pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) en nome de Galicia e pola CCDRN en nome da Rexión Norte.
- c) Grupos de Traballo: coordinados polo equipo xestor, estarán formados polos principais stakeholders a ambos lados da fronteira, contemplando os diferentes tipos de entidades integrantes dos Sistemas de Innovación Rexionais e a cadea de valor da innovación de xeito integral (dende a xeración de coñecemento ata a chegada ó mercado da I+D+i).

Finalmente, de cara a dar acollida no proceso a unha representación máis ampla dos Axentes da Eurorexión, formulouse a celebración dos Foros RIS3T: foros transfronteirizos con carácter anual que permitan difundir e visualizar a Estratexia de Especialización Conxunta, servindo ademais de plataforma para participación aberta e a consulta, así como para a implicación, traballo conxunto e networking dos axentes participantes (na definición e no desenvolvemento da estratexia).

Inclúese a continuación o gráfico que ilustra a estrutura conformada para a gobernanza do proceso:

Figura 5. Estructura da Gobernanza Proposta




Fonte: elaboración propia

3.4. METODOLOXÍA SEGUIDA PARA A DEFINIÇÃO DA VISIÓN COMPARTIDA E AS ÁREAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

Tendo en conta a existencia das Estratexias rexionais existentes, para a definición da visión compartida, o equipo xestor (formado por representantes da CCDRN e de GAIN) definiu unha visión compartida que foi presentada ante os membros do Comité de Dirección da Estratexia para a súa validación, para posteriormente ser compartida co resto dos participantes e stakeholders no marco dos Grupos de traballo (GTs) e nos Foros RIS3T. No marco deste proceso, foron así mesmo identificadas as 6 áreas estratéxicas de colaboración a partir das áreas de especialización comúns das respectivas RIS3 rexionais, que se presentaron ante os principais axentes no marco do I Foro RIS3T celebrado en Baiona. A metodoloxía utilizada reflíctese no seguinte gráfico:

Figura 6. Metodoloxía proposta para a identificación das áreas estratéxicas de colaboración



Fonte: elaboración propia

Así, en base a esta metodoloxía, os membros da Secretaría Técnica analizaron a confluencia entre as 10 prioridades galegas e os 8 dominios de especialización portugueses, chegando ás 6 áreas estratéxicas de colaboración que finalmente foron seleccionadas no marco desta Estratexia.

3.5. METODOLOXÍA SEGUIDA PARA O ESTABLECEMENTO DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

O establecemento das actuacións prioritarias, artellouse a través dos Grupos de Traballo (GTs), en base ás conclusións do proceso de descubrimento emprendedor realizado e ás consultas previstas como parte do proceso. O equipo xestor liderou esta tarefa traballando cos principais participantes e interlocutores da Eurorrexión, e tendo en conta ademais achegas individuais dos principais interlocutores dos diferentes grupos, seguindo sempre a metodoloxía acordada.

Así, para o lanzamento do proceso participativo creáronse unha serie de ferramentas como foron:

- Web de RIS3T: web dedicada á Estratexia transfronteiriza e á difusión das accións realizadas así como a acoller o cuestionario de participación do proceso.

Figura 7. Web da RIS3T



Fonte: Elaboración propia (GAIN)

- APP da RIS3T: Aplicación móbil dedicada á Estratexia, desenvolvida nos dous sistemas operativos existentes e que pode ser descargada no seguintes enlaces.

- Sistema operativo Android (Google Play):

<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.eventtwo.ris3>

- Sistema operativo iOS (Apple):

<https://itunes.apple.com/es/app/ris3-galicia-norte-portugal/id979267047?mt=8>

A filosofía da súa creación é que sirva de punto de encontro para todos os axentes non só no proceso de definición da Estratexia senón tamén na súa execución. Así, estivo dispoñible para os axentes toda a información referente ó I Foro e posteriormente ó Foro Participativo Online, que continuou o proceso de participación iniciado en Baiona.

Figura 8. APP da RIS3T



Fonte: elaboración propia

- Cuestionarios: a través dos cales se invita ós axentes a responder acerca da valoración por parte da súa entidade dunha serie de prioridades entorno ás 6 áreas prioritarias de colaboración así como sobre as colaboracións pasadas e futuras entre axentes de ambas rexións. Lanzouse invitación ós principais axentes do sistema de I+D+i con dimensión transfronteiriça da Eurorrexión, ó redor de 200 axentes, a través dun mail onde se lles informaba do proceso e tarefas a realizar nesta fase do proceso.


Figura 9. Cuestionario online para os axentes participantes na elaboración da RIS3



Fonte: Elaboración propia (GAIN-CCDRN)

Cabe destacar que no marco do proceso participativo, obtivéronse case 70 achegas provenientes dos principais axentes do sistema de I+D+i da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, ó redor do 55% por parte de axentes galegos e o 46% restante por parte de axentes portugueses tal e como se observa no seguinte gráfico:


Figura 10. Gráfico que reflicte a participación (respostas obtidas) dos Axentes por rexión



Fonte: Elaboración propia a partir da información do proceso participativo

3.6. METODOLOXÍA SEGUIDA PARA A DEFINIÇÃO DO SISTEMA DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Finalmente, e como peche do proceso, o equipo xestor definiu un Plan de Seguimento da Estratexia RIS3 Galicia – Norte de Portugal.



4. EVOLUCIÓN DA COOPERACIÓN

A Eurorexión Galicia – Norte de Portugal ten unha longa tradición de cooperación institucional que se remonta ó ano 1983, mesmo anterior á posta en marcha do primeiro paquete Delors en 1989. Esta RIS3 Transfronteiriza continúa por tanto unha senda de colaboración conxunta que sitúa á Eurorexión á cabeceira da Unión Europea no ámbito da Cooperación Territorial coa terceira AECT máis antiga das existentes no territorio da UE.

No ano 1983 tiveron lugar as primeiras reunións entre a CCDR-D⁵ e a Xunta de Galicia para tratar asuntos de interese mutuo. De feito, en abril de 1986 asinouose en Porto o documento de traballo Projectos susceptibles de consideración conxunta por parte da Galiza e da Região Norte de Portugal. O 31 de outubro de 1991 foi creada en Porto a primeira Comunidade de Traballo da fronteira sen personalidade xurídica, tras a ratificación polos gobernos de España e Portugal do Convenio de Madrid do Consello de Europa, sobre cooperación transfronteiriza entre entidades locais.

Ó mesmo tempo tamén en Porto o 1 de abril de 1992 as trece cidades máis importantes da Eurorexión constituíron a Asociación de Municipios do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, unha asociación con personalidade xurídica dende o seu nacemento, converténdoa na máis veterana de todas. Isto implicou que se reproducira a rivalidade entre poderes rexionais e locais que tamén existía no seo da UE. Con todo, dende o ano 2000 as dúas estruturas de cooperación asinaron un protocolo de colaboración a través do cal o Eixo se integraba na Comunidade de Traballo como unha comisión especial.

A Comunidade de Traballo favoreceu o nacemento das Comunidades Territoriais de Cooperación (CTC), sen personalidade xurídica. A primeira CTC foi constituída no ano 1999 no Val do Lima, hoxe sen actividade. A segunda naceu no Val do Miño no ano 2005, converténdose en Uniminho con personalidade xurídica no ano 2005, sendo a primeira estrutura constituída segundo o Tratado de Valencia sobre cooperación transfronteiriza entre España e Portugal. Tamén no ano 2000 foi creada a CTC do Val do Támega que pasou a ser unha AECT con personalidade xurídica. Por último no ano 2002 foi creada a do Val do Cávado que carece de actividade a día de hoxe.

⁵ Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte.

O 22 de setembro de 2008 a Comunidade de Traballo dotouse dun instrumento con personalidade xurídica ó establecer a GNP⁶ AECT. Isto foi posible tras a aprobación do Regulamento (CE) 1082/2006 que creaba as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT). A Eurorrexión Galicia – Norte foi pioneira neste modelo estrutural de cooperación territorial xa que foi a terceira das AECT creadas en Europa. A GNP AECT encárgase da xestión da cooperación a nivel transfronteirizo nas áreas de competitividade, emprego, medio ambiente, patrimonio cultural e xestión de riscos.

En paralelo, o Eixo Atlántico consolidouse como Asociación de referencia do sistema urbano pasando das 13 cidades fundadoras ás 34 que o compoñen hoxe en día. Ademais o Eixo Atlántico contribuíu ó incremento das relacións bilaterais a nivel urbano impulsando a constitución de Eurociudades. No ano 2007 foi constituída a Eurocidade Chaves – Verín que ten personalidade xurídica dende o ano 2013 como unha nova AECT. No ano 2012 naceu a Eurocidade Tui – Valença.

O Eixo tamén destaca pola súa presenza de liderado a nivel europeo xa que formou parte de estruturas como o EUROMOT⁷ RIET⁸ ou CECICN⁹.

Actualmente a Comunidade de Traballo recolle no seu seo a todas as estruturas de cooperación entre administracións públicas da Eurorrexión.

Cómpre salientar así mesmo que as ligazóns entre as rexións están a ir máis aló das administracións públicas, creándose vínculos entre Universidades e Confederacións Empresariais. No ano 2002 foi creada a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER), da que forman parte as seis universidades da Eurorrexión. E no ano 2003, a partir dun proxecto financiado polo programa INTERREG IIIA, as asociacións empresariais Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP) e a Asociación Industrial de Minho (AIMinho) formaron a primeira estrutura empresarial de cooperación con personalidade xurídica, a CECOTRAN¹⁰.

Baixo o abeiro dun proxecto POCTEP naceu o primeiro clúster transfronteirizo da Eurorrexión o EUROclusTEX, clúster téxtil/moda na Eurorrexión Galicia Norte Portugal. Deste clúster forman parte a Asociación Téxtil e de vestuario de Portugal, COINTEGA¹¹ e o CITEVE¹².

Recentemente, no ano 2014, foi presentado o Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, enmarcado baixo o paraguas das Estratexias RIS3 existentes, que xa incluía a referencia á elaboración dunha Estratexia de

⁶ Galicia - Norte de Portugal.

⁷ European Association of Internal Combustion Engine Manufacturers.

⁸ Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas. www.rietiberica.eu/

⁹ Conference of European Cross-border and Interregional City Networks. <http://cecicn.eu/>

¹⁰ Centro de Cooperación Transfronteirizo. <http://www.cecotran.com/>

¹¹ Confederación de Industrias Téxtiles de Galicia.

¹² Centro Tecnolóxico das Industrias do Téxtil e do Vestuario de Portugal.

Especialización Intelixente conxunta (a RIS3T) no marco do seu Eixo Prioritario 1: Unha Eurorrexión innovadora que aposta pola innovación e a transferencia. O PIC da Eurorrexión foi presentado para alcanzar catro retos compartidos e lanzar un desafío:


1. Gañar todos coa cooperación. Xerarquizando o gasto, evitando duplicidades innecesarias; coordinando os investimentos en favor do cidadán; implicando á sociedade civil xerando un clima de confianza mutua que estimule os negocios e o traballo conxunto. A cooperación transfronteiriza eficiente é aquela que se asenta no respecto polas singularidades nacionais dos respectivos países que participan nela, singularidades que deben ser coñecidas e asumidas por todos.
2. Compartir recursos. Asentando a colaboración entre o noso capital humano para impulsar o noso I+D e a nosa capacidade de transferencia; nunha estratexia de promoción exterior acordada; no aproveitamento común dos equipamentos sociais públicos na fronteira; nunha planificación conxunta dos usos e conservación dos recursos naturais e culturais que a historia ten legado á Eurorrexión.
3. Apostar pola intelixencia, polo traballo, polo esforzo e pola inclusión. Unha Eurorrexión que cre nesa aposta, non ten medo ó financiamento a través dos préstamos porque é responsable na xestión do diñeiro público e é quen de consolidar unha economía sustentable.
4. Ter confianza en nós mesmos. Crendo nas xentes e nos medios da Eurorrexión e trasladando unha mensaxe política aceleradora das fortalezas dos galegos e dos portugueses.

E finalmente, o desafío. En 2020 a Eurorrexión vai converxer coas rexións máis desenvolvidas da UE grazas ó avance en I+D e á súa transferencia ó sector produtivo.

En resumo, os aspectos clave da cooperación na Eurorrexión, tal e como se deduce do exposto e como son enunciados no POCTEP 2014-2020, son:

- O Espazo transfronteirizo España – Portugal é un dos máis consolidados a nivel europeo.
- Progresiva institucionalización da cooperación hispano – lusa a través da creación das Comunidades de Traballo, AECT, Comunidades de municipios, centro de estudos, Eurociudades ou os primeiros clúster transfronteirizos.
- Complexidade institucional con distintos organismos operando ó mesmo nivel territorial.

Figura 11. Evolución da cooperación Galicia -Norte de Portugal



Fonte: Elaboración propia a partir da información do proceso participativo

En resumo, as estruturas estables e iniciativas de cooperación a día de hoxe son as incluídas na seguinte táboa:


Táboa 1. Estructuras estables de cooperación na Eurorrexión Galicia – Norte

Entidade	Nivel territorial	Natureza	Ano de fundación
Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal	Rexional	Comunidade de Traballo	1991
Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular	Local	Asociación de concellos	1992
EURES Transfronteirizo Galicia – Norte de Portugal	Rexional	EURES	1997
CECOTRAN	Rexional	Asociación de empresarios	1998

Entidade	Nivel territorial	Natureza	Ano de fundación
Centro de Estudos Eurorrexionais	Rexional	Fundación	2004
Asociación do Vale do Miño Transfronteirizo	Local	Asociación de entidades locais	2005
Eurocidade Verín – Chaves	Local	Eurocidade	2007
AECT Galicia – Norte de Portugal (AECT GNP)	Rexional	AECT	2008
Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Val do Támega	Local	AECT	2013
Eurocidade Tui – Valença	Local	Eurocidade	2013
AECTI Chaves – Verín	Local	AECT	2013
EUROclusTEX	Rexional	Clúster	2014

Fonte: Elaboración propia a partir do PIC e da Diagnose POCTEP

Continuando coa relación actual e futura, cómpre salientar que como se poderá comprobar ó longo do documento, existe un elevado grao de converxencia entre as RIS3 das rexións do Norte e de Galicia. Ambas estratexias de especialización intelixente comparten eidos para unha posible acción conxunta en áreas como a valorización de recursos do mar, a modernización do sector agrícola, a modernización do sector do turismo a través das TICs ou a Saúde. Esta converxencia fará que a elaboración da RIS3 Transfronteiriza dea continuidade e afonde na relación entre dúas rexións historicamente conectadas como son Galicia e a rexión Norte de Portugal.



5. DIAGNOSE DO SISTEMA DE I+D DE GALICIA – NORTE DE PORTUGAL

O presente apartado presenta a información máis destacada do traballo de “Diagnose de contexto para a definición dunha estratexia de especialización intelixente conxunta para a Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal” (Diagnose en diante). A tal efecto, preséntase unha caracterización do contexto socioeconómico e do Sistema de Innovación, xunto coas tendencias de especialización nas dimensións produtiva, tecnolóxica e científica da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

A Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal atópase no noroeste da Península Ibérica, nun punto periférico da Unión Europea, tal e como se reflicte na seguinte figura:

Figura 12. Mapa de localización da Eurorexión Galicia – Norte de Portugal no seo da UE



A Eurorrexión está dividida en 12 NUTs III¹³, 4 en Galicia e 8¹⁴ en Portugal que se relacionan a continuación:

- En Galicia: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- En Norte: Alto – Minho, Ave, Cávado, Área Metropolitana do Porto, Alto Tâmega, Tâmega e Sousa, Douro e Terras de Trás – os – Montes.

Organización administrativa

Galicia e Norte presentan unha configuración administrativa diferente. Mentres que o Estado español está dividido en Comunidades Autónomas que teñen transferidas diferentes competencias, o Estado portugués ten unha estrutura máis centralizada.

A CCDR-N¹⁵ é un organismo desconcentrado da Administración Central portuguesa que ten como misión a de promover as condicións para o desenvolvemento integrado e sostible do Norte de Portugal e contribuír á cohesión do territorio portugués. Está dotada de autonomía administrativa e financeira e compételle coordinar e promover, na Rexión do Norte, as políticas de Planeamento e Desenvolvemento Rexional, Medio Ambiente, Ordenación do Territorio, Cooperación Interrexional e Transfronteiriza e de apoio á Administración Local e ó Asociacionismo Intermunicipal. Tamén é responsable da xestión de programas operacionais rexionais, que proveñen dos fondos comunitarios de apoio a Portugal, e doutros instrumentos de financiamento de desenvolvemento rexional.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia ten competencias exclusivas en: ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda, actuacións en relación ás institucións do dereito civil galego, normas procesuais e procedementos administrativos do dereito galego, a organización dos poderes públicos, obras públicas, vías férreas, estradas e transporte; portos, aeroportos e heliportos; artesanía, patrimonio artístico, bibliotecas, museos, conservatorios de música e servizos de Belas Artes; fomento da cultura e da investigación; promoción da ensinanza da lingua galega, do turismo ou do deporte, entre outros aspectos. Ademais de ter competencias sobre o regulamento dos tributos e para elaborar e executar o orzamento de Galicia.

A nivel local Portugal está organizado en Municipios e freguesías mentres que Galicia conta coas deputacións a nivel provincial e cos Concellos a nivel local.

¹³ En Galicia son denominados provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

¹⁴ NUTS III (2013): Coa revisión da Nomenclatura Común das Unidades Territoriais Estatísticas (NUTS) instituída polo Regulamento 868/2014 da Comisión Europea, de agosto de 2014, a Rexión do Norte integra, desde xaneiro de 2015, as seguintes sub-rexións (NUTS III): Alto Minho, Ave, Cávado, Área Metropolitana do Porto, Alto Tâmega, Tâmega e Sousa, Douro e Terras de Trás-os-Montes.

¹⁵ Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte.

Principais datos do territorio

Na seguinte táboa inclúense os principais datos da Eurorexión a nivel xeográfico e demográfico así como información sobre a situación do mercado do traballo e sobre o estado da economía.

Táboa 2. Datos xerais da Eurorexión Galicia – Norte de Portugal

	Galicia	Norte de Portugal	Eurorexión
Superficie total (Km2)	29.574,40	21.285,88	50.860,28
Moeda	Euro	Euro	Euro
Franxa horaria	GMT+1	GMT	NA
Poboación	2.778.913	3.689.682	6.468.595
Linguas oficiais	Galego / Castelán	Portugués / Mirandés	NA
Densidade poboacional (hab/Km2)	95	173	127
Media idade (2011)	45,1 anos	41,0 anos	43 anos
Esperanza de vida ó nacer (2011)	82,4 anos	80,0 anos	81,54 anos
Taxa de desemprego (2012)	20,13 %	16,0 %	17,83 %
Taxa de actividade (2012)	55,40 %	61,2 %	59,23 %
Taxa de desemprego xuvenil (2012)	45,40 %	33,0 %	38,21 %
Taxa de abandono escolar temperá (2012)	23,1 %	20,8 %	22,1 %
% persoas 30-34 anos con estudos superiores (2012)	42,40 %	28,8 %	
% Microempresas (menos 10 traballadores)	95,03 %	95,3 %	
PIB 2012	56.313.345 €	47.429.700 €	103.743.045 €
Importacións (Millóns €) 2011	14.355 €	12.813 €	27.168 €
Exportacións (Millóns €) 2011	17.150 €	16.022 €	33.172 €
Balanza comercial (Millóns €) 2011	2.795 €	3.209 €	6.004 €
% de fogares con acceso a banda larga (2012)	62,00 %	56,00 %	


Fonte. Elaboración propia a partir de datos do IGE¹⁶, do INE¹⁷, de Eurostat e da RIS3 de Galicia

¹⁶ Instituto Galego de Estatística.

¹⁷ Instituto Nacional de Estatística.

Na Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal atopamos zonas predominantemente rurais¹⁸ (provincias de Lugo e de Ourense, en Galicia, e NUTS III¹⁹ Minho-Lima, Douro e Alto-Trás-os-Montes, no Norte de Portugal), zonas predominantemente urbanas²⁰ (NUTS III Ave, Grande Porto e Entre Douro e Vouga) e zonas intermedias²¹ (provincias de A Coruña e Pontevedra, en Galicia, e NUTS III Cávado e Tâmega e Sousa, em Portugal).

Figura 13. Mapa da tipoloxía Urbano-Rural da ÁREA Transfronteiriza España – Portugal



Fonte. Diagnose POCTEP

En canto á rede urbana, é destacable unha concentración das principais cidades no Eixo Atlántico, como se observa no mapa seguinte:

¹⁸ A poboación rural representa máis do 50% do total da poboación.

¹⁹ NUTS III (2002), definidas polo Decreto-Lei 244/2002, de 5 de novembro.

²⁰ A poboación rural representa menos dun 20% do total.

²¹ A poboación rural sitúase entre un 20-50% da poboación.

Figura 14. Mapa de localización das principais cidades da Eurorexión



Fonte. Atlas básico do Eixo Atlántico e Eurorexión Galicia – Norte de Portugal

En canto á poboación, a densidade desta na Rexión Norte presenta unhas cifras superiores que as atopadas en Galicia, destacando a subrexión de Grande Porto e pola rexión galega, as provincias de Pontevedra e A Coruña. O envellecemento da poboación é un dos grandes retos de ambas rexións, estando a esperanza de vida ó nacer por enriba dos 80 anos, se ben a poboación da Rexión Norte está menos envellecida que a galega.

No referente á estrutura empresarial, existen dous elementos claramente diferenciadores do tecido empresarial da Eurorexión. Por unha banda, a maior parte da estrutura empresarial da Eurorexión está constituída por PEME (0-249 traballadores). Por outra banda, case a totalidade das PEME son microempresas (menos de 10 empregados).


O mercado de traballo presenta altas taxas de paro, especialmente en Galicia, con cifras significativamente altas de desemprego xuvenil. A porcentaxe de abandono escolar está máis dun 10% por enriba do obxectivo marcado na estratexia Europa 2020 e a maior parte da poboación está empregada en traballos de baixa cualificación. O número de adultos entre 30 e 34 anos con estudos superiores está en aumento, especialmente en Galicia. Tamén cómpre destacar que como consecuencia da crise económica produciuse un descenso da mobilidade laboral transfronteiriza, con especial incidencia para os traballadores portugueses en España.

Con respecto ó índice de exclusión social, este é lixeiramente máis alto que a media da UE e existe un aumento importante da taxa de carencia severa da poboación a causa da crise económica e o fin do cobro das prestacións sociais.

En canto a cuestións de xénero, a poboación feminina ten máis dificultades para incorporarse ó mercado laboral. Debido á crise económica obsérvase unha minoración das tradicionais fendas de xénero no desemprego e na ocupación.

O PIB, como se pode observar na figura seguinte, nas provincias de Galicia é superior ó 90% do PIB medio da UE mentres que as 7 NUTS III (2002) que forman parte do Norte teñen un PIB inferior ó 75% deste.

Figura 15. Produto Interior Bruto por NUTS2 en estándar de poder adquisitivo (EPA), coa porcentaxe da media da UE



Fonte: Diagnose POCTEP


5.1 CARACTERIZACIÓN DO SISTEMA DE I+D NA EURORREXIÓN

O Sistema de Innovación da Eurorrexión amosa unha variedade e riqueza de constituíntes tanto a nivel de xeración e difusión de coñecemento, como de explotación e regulación, conformando unha estrutura aberta na que se integran tódolos axentes do sistema e os recursos necesarios para o seu funcionamento

5.1.1. Axentes no sistema de Innovación.

Os sistemas de innovación están configurados polos seus compoñentes e as relacións entre estes. Ambos, conxuntamente, determinan o sistema, que ten a característica de dispoñer duns límites que facilitan a súa diferenciación respecto doutros sistemas. Polo tanto, alén de coñecer o conxunto de axentes públicos e privados presentes nun determinado espazo que o conforman, e as características esenciais destes, é especialmente relevante comprender as interrelacións existentes entre os devanditos axentes e a forma na que estas poden producir un efecto multiplicador.

Figura 16. Composición dun Sistema de Innovación e interrelacións existentes



Fonte: RIS3 Galicia (Elaboración propia a partir de Todling, F. e Trippi, M. (2005²²))

²² Mikel Navarro Arancegui; 1.er cuadrimestre 2009; "Os sistemas rexionais de innovación. Unha revisión crítica." Ekonomiaz N.o 70.

Esta Figura amosa a composición dun Sistema Rexional de Innovación, integrado por tres subsistemas de actores implicados nunha aprendizaxe interactiva:

- Subsistema de xeración e difusión de coñecemento, composto por Universidades, Organizacións Públicas de Investigación (OPIs ou Centros Públicos de Investigación e Grupos de Investigación ligados ós Centros Hospitalarios) e ás Organizacións Intermedias de Tecnoloxía, como poden ser os Centros Tecnolóxicos, Parques Tecnolóxicos, Viveiros e Asociacións Empresariais, incluídas as Plataformas e os Clúster.
- Subsistema de explotación do coñecemento ou estrutura de produción rexional, composto maioritariamente de empresas, especialmente das que mostran características sistémicas.
- Subsistema ou infraestrutura de apoio rexional, no que actuarían as organizacións gobernamentais e as axencias de desenvolvemento rexional.

Constitúe unha singularidade en Galicia o Servizo Galego de Saúde (ou SERGAS), xa que é transversal ós tres subsistemas descritos.

5.1.2. Situación actual da I+D na Eurorrexión.

No referente á situación da innovación na Eurorrexión, no ano 2010 o gasto en I+D do Norte de Portugal foi do 1,5 % do PIB, maior que o de Galicia que foi do 0,94 % do PIB. Repetíndose a situación a nivel nacional xa que o gasto en I+D en Portugal foi do 1,59%, un pouco por enriba do gasto na Rexión Norte, e o gasto en I+D en España foi do 1,39%, superior ó gasto en Galicia que foi do 0,94 %. O obxectivo de investimento en I+D que marca a Estratexia Europa 2020 é do 3% do PIB, polo que tanto as rexións como as nacións de España e Portugal están lonxe deste.

Táboa 3. Gasto en I+D (porcentaxe do PIB) en 2010

País/Rexión	Total	Empresa	Sector Público	Universidades	Organizacións Privadas sen ánimo de lucro
UE	2,00	1,24	0,26	0,49	0,02
España	1,39	0,72	0,28	0,39	0
Galicia	0,94	0,42	0,15	0,37	0
Portugal	1,59	0,73	0,11	0,58	0,16
Norte	1,5	0,69	0,1	0,58	0,13

Fonte: Elaboración propia a partir de información do PIC

Analizando os datos presentados pódese concluír que os axentes que maior gasto realizan en I+D son as empresas, tanto en Galicia como na rexión Norte de Portugal, e a continuación están as universidades. Cómpre salientar que a porcentaxe sobre o investimento total que representa o gasto en I+D das empresas e das universidades é similar nas dúas rexións, sendo que en Galicia as empresas representan o 44,7% do total e na Rexión Norte o 46%, e as universidades o 39,4% en Galicia e o 38,7% en Norte. O peso do sector público é maior en Galicia, e o gasto das organizacións privadas sen ánimo de lucro é maior en Portugal.

Na Eurorrexión existen importantes infraestruturas de I+D+i: centros tecnolóxicos, universidades, centros de investigación con capital humano cualificado, que debe continuar neste camiño para converxer coas medias europeas. Esta situación non se reflicte no número de patentes solicitadas, que segue sendo baixo, nin na creación de emprego en actividades intensivas en coñecemento que continúa estando nunha proporción baixa.

En definitiva o comportamento innovador na Eurorrexión é moderado, lonxe do obxectivo marcado na estratexia Europa 2020 de dedicar un 3% do PIB ó gasto en I+D.

5.1.2.1. Áreas de especialización da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal Galicia

Preséntanse as áreas de especialización de Galicia segundo a diagnose RIS3 realizada en base ás seguintes variables:


- Especialización produtiva.
- Especialización tecnolóxica e existencia de actividades de descubrimento emprendedor baseadas en coñecemento con potencial competitivo internacional.
- Especialización científica e capacidade demostrada de xerar coñecemento competitivo internacionalmente.
- Singularidades propias do territorio galego.

Área de especialización produtiva

Na RIS3 tómase como base o VEB, un dos principais indicadores económicos utilizados nos modelos de contabilidade a nivel internacional, para analizar a súa evolución temporal na rexión dende 1995 ata 2012, segundo actividades incluídas no código CNAE, como xeito de caracterización da estrutura produtiva por sectores na rexión.

O gráfico resumo reflicte a importancia do sector servizos, que destaca especialmente en actividades pouco tecnolóxicas. Tamén se pode observar un lixeiro descenso nas actividades relacionadas coa explotación dos recursos naturais de Galicia (agricultura, gandería, pesca (inclúe silvicultura) e enerxía).

Figura 17. Evolución da estrutura produtiva de Galicia




Fonte. RIS3 Galicia

(*) Outros servizos: Actividades artísticas, recreativas e de entretemento; reparación de artigos de uso doméstico e outros servizos. Fogares que empregan persoal doméstico

O gráfico resumo reflicte a importancia do sector servizos, que destaca especialmente en actividades pouco tecnolóxicas. Tamén se pode observar un lixeiro descenso nas actividades relacionadas coa explotación dos recursos naturais de Galicia (agricultura, gandería, pesca (inclúe silvicultura) e enerxía).

Figura 18. Índice de Especialización Productiva Relativa de Galicia



(*) Outros servizos: Actividades artísticas, recreativas e de entretemento; reparación de artigos de uso doméstico e outros servizos. Fogares que empregan persoal doméstico

FONTE: RIS3 Galicia

²³ Baseado en datos do VEB por actividades do CNAE para España e Galicia no período 2000-2012.

Segundo se reflicte no gráfico anterior, as áreas de especialización produtiva de Galicia son:


- Sectores primarios: agricultura, gandería, silvicultura, sector madeireiro e pesca. Entre os que destaca o sector pesqueiro en termos de especialización relativa.
- Industrias extractivas.
- Sector Enerxético.
- Pedra Natural.
- Sector de Fabricación de material de transporte, que inclúe o sector da Automoción e o da Construción Naval.
- Sector da Industria Téxtil e Confección.
- Actividades Sanitarias e Servizos Sociais, actividades relacionadas coa calidade de vida e benestar das persoas.

Área de especialización tecnolóxica

A RIS3 Galicia presenta a especialización tecnolóxica da Rexión en base a datos obtidos do Observatorio de Innovación de Galicia. Concretamente a nivel rexional tivéronse en conta os proxectos financiados nos Programas Sectoriais da Xunta de Galicia, no plano nacional as axudas do CDTI para a I+D e no plano internacional a participación galega no Sétimo Programa Cadro.

Tal e como se pode observar na anterior figura, conclúese que as áreas que maior peso teñen son:

- Medio Rural.
- Medio Mariño.
- Alimentación.
- Biotecnoloxía, que destaca de xeito transversal.


Figura 19. Especialización Tecnolóxica de Galicia no período 2007-2010²⁴

Fonte: RIS3 Galicia

Destacando Medio Rural e Medio Mariño xa que representan ó redor do 20% dos proxectos de I+D financiados nos distintos planos: rexional, nacional e internacional. Tamén se distinguen na figura anterior as Tecnoloxías de produción, tecnoloxías ligadas á cadea produtiva dende o propio proceso ós elementos que aparecen nela. Esa disparidade é o motivo de que predominen no gráfico anterior. Disparidade que se pode valorar mellor en base ó índice de especialización tecnolóxica de Galicia con respecto a España. Este índice foi calculado na RIS3 Galicia en base ós proxectos aprobados no Sétimo Programa Cadro da Unión Europea, onde sobresaen os catro sectores mencionados con anterioridade (medio rural, medio mariño, alimentación e biotecnoloxía), e non o fan as tecnoloxías de produción.

²⁴ A nivel nacional só se inclúen datos de 2007-2009, xa que no momento da elaboración deste gráfico só estaban dispoñibles os datos do CDTI ata 2009 no Observatorio de Innovación de Galicia.

Figura 20. Índice de Especialización Tecnolóxica Relativa Galicia/España 2007-2010




Fonte: RIS3 Galicia

Área de especialización científica

Para a presentación da área de especialización científica a RIS3 analiza os datos de participación en convocatorias competitivas a nivel rexional, nacional e internacional.

Figura 21. Especialización Científica de Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Observatorio de Innovación de Galicia

Á vista da anterior figura, conclúese que os dous sectores nos que Galicia é máis competitiva son:

- Medio Mariño.
- Saúde.

Áreas ligadas cos dous campus de Excelencia Internacional existentes en Galicia, o Campus do Mar²⁵ e o Campus Vida²⁶.

²⁵ <http://campusdomar.es>

²⁶ <http://www.galego.campusvida.info/>

Conclusións.

Segundo a análise presentada en apartados anteriores conclúese que en Galicia existen dúas áreas que destacan por enriba das demais:

- Pesca e actividades mariñas.
- Saúde e ciencias da vida.

Existindo unha terceira área en importancia:

- A Biotecnoloxía verde, que incluíría actividades relacionadas co Medio Rural e o Medio Ambiente principalmente.

Asemade tamén destaca a presenza de actividades competitivas en:

- As principais tecnoloxías emerxentes como son as TIC, a Biotecnoloxía e a Nanotecnoloxía, que tamén aparecen aplicadas nos vectores sinalados anteriormente, así como a importancia transversal das Tecnoloxías da Produción cun peso produtivo destacado nalgúns sectores da economía galega, principalmente nos sectores industriais.

Norte de Portugal


Preséntanse a continuación as áreas de especialización da Rexión Norte en base ós datos incluídos na RIS3 Norte 2020 e á diagnose POCTEP. As áreas presentadas son:

- Área de especialización económica.
- Área de especialización científica.
- Área de especialización de produción tecnolóxica.

Área de especialización económica

Tal e como se indica na RIS3 Norte 2020, a especialización económica da rexión prodúcese en dous sentidos, por un lado especialización no sector industrial e por outra banda dentro do sector servizos, coa seguinte especialización:

Figura 22. Especialización produtiva na Rexión Norte



Fonte: Elaboración propia a partir de datos incluídos na RIS3 Norte

Segundo se reflicte no gráfico anterior, as áreas empresariais con maior densidade económica no Norte son:


- Sector da construción.
- Sector da Moda.
- Sector da Saúde e dispositivos médicos.
- TIC.
- Metalurxia e metalmecánica.
- Máquinas e Equipamentos.

- Industrias agroalimentarias.
- Enerxía.

Área de especialización científica

A partir da información recollida na RIS3 Norte conclúese que a especialización científica da rexión é:

Figura 23. Especialización científica Rexión Norte. Fonte



Fonte: Elaboración propia a partir de información contida na RIS3 Norte

Á vista da anterior figura, a produción acumulada de capital humano por área científica con maior presenza na Rexión Norte son as seguintes:

- Saúde.
- Educación e Deporte.
- Economía e Xestión.
- Letras e Outras Ciencias Sociais.
- TIC.
- Ciencias da Terra, da Vida e Ambiente.

Área de especialización de produción tecnolóxica

Na diagnose POCTEP inclúese o índice de especialización de produción tecnolóxica en comparación con outros países da OCDE, para os anos 2007-2010. En particular os datos incluídos para a Rexión Norte son os seguintes:


Táboa 4. Índice de especialización de produción tecnolóxica²⁷

Área	Índice
Bioteconoloxía	1,53
TIC	0,33
Nanotecnoloxía	0
Tecnoloxía Médica	1,24
Farmacía	2,6
Medio Ambiente	1,3

Fonte: Diagnose POCTEP

²⁷ Baseado en nº de solicitudes de patentes á EPO.

Figura 24. Especialización de produción tecnolóxica



Fonte: Diagnose POCTEP

Deste gráfico dedúcese que os centros de especialización de produción tecnolóxica da Rexión Norte son:

- Farmacia e Saúde.
- Medio Ambiente.
- Biotecnoloxía.

Conclusión

Da análise da estrutura económica rexional e do volume de capital humano formado nas diferentes áreas científicas da Rexión do Norte, identifícanse, en calquera desas dimensións, as seguintes áreas con masa crítica relevante por orde decrecente:

- Na dimensión capital humano, a Saúde, as TIC, as Tecnoloxías de Produción, a Biotecnoloxía e Ambiente, a Arquitectura e Deseño, as Ciencias Agrarias e da Vida.
- Na dimensión económica, a Construción, a Moda, a Saúde e Dispositivos Médicos, os Servizos intensivos en coñecementos científicos e TIC, a Metalurxia e Métalo mecánica, as Máquinas e Equipamentos, a Produción e Compoñentes para Automóbiles, as Industrias Agroalimentarias e a Enerxía.

O cruce destas dúas dimensións permitiu identificar os dominios onde existe masa crítica relevante para a construción dunha estratexia rexional de especialización intelixente. Para, alén destes, e en función de investimentos recentes, é pertinente efectuar algunhas apostas máis voluntaristas, como a aeronáutica e as nanotecnoloxías.

Deste exercicio, resultou a definición de 8 dominios de especialización intelixente para a Rexión do Norte (principais e emerxentes):

- Ciencias da Vida e Saúde.
- Cultura, Creación e Moda.
- Recursos do Mar e Economía.
- Capital Humano e Servizos Especializados.
- Industrias da Mobilidade e Ambiente.
- Sistemas Avanzados de Produción.
- Sistemas Agroambientais e Alimentación.
- Capital Simbólico, Tecnoloxías e Servizos do Turismo.

5.2 CONCLUSIÓN DA DIAGNOSE - ANÁLISE DAFO

Como conclusión á diagnose preséntase unha análise DAFO da Eurorrexión no tocante ós temas de I+D+i.

Táboa 5. Debilidades e Fortalezas da Eurorrexión


DEBILIDADES	FORTALEZAS
Distancia cara ás metas de Europa 2020 no tocante ós temas de I+D+i.	Evolución positiva nos indicadores de converxencia europea e no esforzo tecnolóxico propios, que supuxo a creación de masa crítica relevante en varios dominios.
Enfoque feble dos actores eurorrexionais no ámbito de I+D a nivel transnacional e europeo.	Concienciación institucional da importancia da investigación, innovación e internacionalización das actividades produtivas.
Baixo número de patentes.	Existencia dunha base institucional e financeira de cooperación no ámbito de I+D na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal
Interacción feble academia – empresa. Problemas de transferencia da I+D entre o sector público e privado.	Bo nivel de participación en proxectos de cooperación de I+D+i. Especialmente positiva a evolución da participación no programa Horizonte 2020.
Ausencia dunha relación sistémica, transparente e especializada de instrumentos financeiros de apoio á innovación, á internacionalización e ó emprendemento.	Existencia de GNP AECT como plataforma de xestión da cooperación a nivel transfronterizo.
Desaliniamento da I+D coa economía debido á separación entre o Sistema Científico e Tecnolóxico de I + D e o mundo empresarial	Existencia dos Campus de Excelencia: Campus Vida e Campus do Mar.
Baixa produtividade industrial.	Capacidade e calidade de formación avanzada.
Concentración do emprego en sectores tradicionais (sector primario e industrias manufactureiras).	Investimento crecente no sector privado. Estructura da economía cun forte compoñente industrial e emprendedor con vocación exportadora.
Atomismo empresarial caracterizado por unha especialización relativa en sectores de intensidade tecnolóxica media - baixa. Así como unha limitada capacidade de absorción da I+D+i empresarial derivada da dimensión reducida das empresas.	Balanza comercial positiva.
Baixo nivel de utilización das novas tecnoloxías para protección do Medio Natural, especialmente na xestión de riscos.	Tendencias crecentes a todos os niveis TIC
Elevada intensidade enerxética.	Existencia de Clústeres con temáticas converxentes e con grande empuxe empresarial.
En canto ó transporte hai un baixo índice de accesibilidade, un baixo nivel de integración multimodal e falta coordinación na política aeroportuaria.	Relevancia das microempresas para a creación de emprego e do autoemprego
	Grande riqueza do patrimonio inmaterial e tradición oral e do patrimonio histórico – cultural, arquitectónico, natural e paisaxístico.

Fonte: RIS3 Galicia, RIS3 Norte, PIC Eurorrexión GNP, Diagnose POCTEP

Táboa 6. Ameazas e Oportunidades da Eurorexión

AMENAZAS	OPORTUNIDADES
Dependencia dos fondos públicos para o desenvolvemento da I+D+i.	A programación de fondos europeos a nivel rexional para 2014-2020.
Diminución de axudas europeas e nacionais á innovación.	Interacción online coa xestión pública mediante o uso das TICs.
Limitacións orzamentarias a institucións públicas debido a novos escenarios de financiamento máis restritivos, tamén no ámbito da I+D+i.	Planificación estratéxica definida e consolidada para as prioridades da cooperación, especialmente no eido da I+D+i.
Concentración de recursos humanos de I+D nas universidades.	Recente creación da Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas (RIET), lobby de fronteira público – privado que traballa no aproveitamento das oportunidades transfronteirizas entre España e Portugal, tamén no ámbito I+D+i
Dificultades na comercialización e transferencia de tecnoloxía.	Implementación dunha RIS3 rexional con concentración de esforzos en sectores estratéxicos e de grande impacto.
Vulnerabilidade fronte ós efectos da crise económica.	A calidade das universidades da Eurorexión.
Risco de exclusión social para anciáns e mozos.	Desenvolvemento de Formación Profesional para o reciclado profesional e a procura de novas oportunidades.
Sobrecualificación e retención de talento.	Existencia de infraestruturas de I+D+i de apoio.
Falta de apoio do sector financeiro ás actividades de I+D+i e difícil acceso das empresas ó financiamento nas fases de posta en marcha.	Potencial de I+D+i nos ámbitos mariño, nanotecnoloxía, biotecnoloxía, téxtil e saúde.
Desemprego dos mozos.	Universidades e Parques Tecnolóxicos con ampla traxectoria.
Desarticulación co mercado de traballo.	Potencial industrial e ampla rede de clúster sectoriais.
Envellecemento da poboación.	Potencial de exportación de sectores de especialización como o automóbil, pesca ou téxtil..
Dependencia dos combustibles fósiles.	Grande oferta de chan empresarial a prezos competitivos.
Perda de biodiversidade (incendios, secas).	Efervescencia global do mercado de aceleración de negocios baseados nas TICs, promovendo a creación dun mercado tecnolóxico.
Desequilibrios entre litoral e interior.	Desenvolvemento de novos produtos e servizos adaptados, na agricultura, viticultura e turismo (agroturismo e do turismo de natureza)
Existencia de zonas pobremete conectadas.	Potencialidade do crecemento do turismo internacional nos próximos anos segundo a OMT.
	Riqueza do patrimonio natural e cultural. Calidade da auga superficial
	Situación de vantaxe fronte ós desafíos globais do milenio (importancia da Economía Verde). Abundancia de recursos forestais, fauna e flora, mariños e enerxéticos.
	Novas políticas europeas na posta en valor dos recursos mariños, da costa e da actividade portuaria. Potencial do transporte marítimo.
	A introdución de regulacións ambientais, alimentarias e de seguridade que ofrecen novas oportunidades para desenvolver novos produtos e procesos.

Fonte: RIS3 Galicia, RIS3 Norte, PIC Eurorexión GNP, Diagnose POCTEP



6. VISIÓN COMPARTIDA

Tras a aprobación das Estratexias rexionais de Galicia e da rexión Norte e co impulso que a Comisión Europea está a realizar no ámbito da cooperación transfronteiriza no marco das Estratexias de especialización intelixente, ambas rexións comparten unha visión, que é establecer un marco de colaboración para dar unha resposta ós desafíos comúns, mobilizar novas iniciativas e proxectos e abrir vías de financiamento conxuntas para estas iniciativas.

A Rexión Norte e Galicia asumen como principio clave para o seu avance económico e social o fomento dun crecemento intelixente, sostible e integrador, baseado de maneira preponderante na aposta pola investigación, a innovación e a iniciativa empresarial, para conseguir políticas de crecemento e desenvolvemento rexional máis eficaces e xerando competitividade empresarial, empregos de calidade e sostibles no tempo e o desenvolvemento socioeconómico das súas sociedades.

Pola súa parte, no marco da Comunidade de Traballo, a Eurorrexión asumiu de maneira formal o desafío de converxer en 2020 coas rexións máis desenvolvidas da UE grazas ó avance en I+D e a súa transferencia ó sector produtivo, formulando catro retos compartidos:

1. Gañar todos coa cooperación.
2. Compartir recursos.
3. Apostar pola intelixencia, polo traballo, polo esforzo e pola inclusión.
4. Ter confianza en nós mesmos.

Ambas rexións comparten coa Comisión Europea un enfoque estratéxico baseado na Especialización Intelixente como apoio máis eficiente e eficaz á investigación e á innovación de cara a potenciar o crecemento económico. O concepto de especialización intelixente refírese á concentración dos recursos dispoñibles no contexto rexional, ó servizo dun número limitado de prioridades ligadas ás oportunidades reais do sistema económico rexional, para provocar unha especialización económica das rexións, competitiva no contexto global.

A partir das RIS3 de ambas rexións, Galicia e Norte, consideran unha oportunidade a adopción dunha Estratexia de Especialización Intelixente conxunta da Eurorrexión como marco de traballo para conseguir, a través da cooperación e iniciativas conxuntas centradas nas áreas de interese común, un

salto de dimensión relevante en canto a escala, sofisticación e alcance, e polo tanto, un maior impacto e eficacia. A concentración de obxectivos acentúa a necesidade de crear maiores dinámicas externas, coordinando e aproveitando as sinerxías con iniciativas políticas, instrumentos e infraestruturas noutras rexións.

Este novo marco de colaboración transfronteiriza permite ó mesmo tempo xerar a través de dinámicas de innovación aberta transfronteiriza a xeración de maiores capacidades e unha maior eficacia na utilización e articulación dos Fondos Estruturais e de Cohesión, e os Programas de financiamento da I+D+i europeos, posibilitando a xeración de sinerxías entre as diferentes políticas da UE, nacionais e rexionais, e a xeración de maiores capacidades e oportunidades de captación de financiamento para iniciativas da Eurorexión.

Neste contexto e no ámbito dunha longa traxectoria de colaboración, Galicia e a rexión Norte de Portugal acordaron comezar co proceso participativo para a elaboración da, segundo palabras da Plataforma S3 de Sevilla, primeira Estratexia RIS3 transfronteiriza da UE, o que suporá unha dobre oportunidade: por unha banda o desenvolvemento de proxectos concretos para os sectores produtivos e por outra banda, a capacidade de acceder a fondos comunitarios de programas como o programa Horizonte 2020 e os programas de Cooperación Territorial Europea. Trátase pois, dunha iniciativa innovadora, que pretende afondar na colaboración transfronteiriza no ámbito da I+D+i.

Nesta tarefa participaron axentes dos sistemas de innovación de ambos territorios para que, como xa sucedeu coas RIS3 individuais, tanto de Galicia como do Norte de Portugal o resultado sexa unha estratexia “de todos e para todos”.


A base para levar a cabo esta RIS3T serán as estratexias que cada rexión xa elaborou por separado, e que teñen numerosos puntos en común. Así, a Estratexia de Especialización Intelixente da Eurorexión, permitirá a Galicia e o Norte de Portugal abordar proxectos conxuntos naquelas áreas nas que sumen capacidades científico- tecnolóxicas de vangarda, pois precisan dunha masa crítica e complementariedades de empresas e investigadores, que son máis facilmente alcanzables de maneira conxunta para conseguir unha competitividade de carácter global.

O obxectivo desta RIS3 transfronteiriza é definir un marco de colaboración para dar unha resposta coordinada a desafíos comúns, mobilizar novas iniciativas e proxectos e abrir unha dobre vía de financiamento baseada na especialización intelixente; podendo deste xeito optar ós fondos de cooperación territorial e ó mesmo tempo competir con máis opcións polos fondos destinados ó programa Horizonte 2020 de investigación e innovación para aquelas rexións que cooperen (máis de 10.000 millóns de euros).

Durante o último ciclo orzamentario europeo (2007-2013) ambas as dúas rexións puxeron en marcha de maneira conxunta máis de 70 proxectos que se suman ós fitos dos proxectos de colaboración que incluíron ós Gobernos centrais de ambos países, como o Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía de Braga.

Esta colaboración segue sendo prioritaria para os axentes da Eurorexión e así o reflicten as súas respostas sobre colaboracións pasadas, presentes e futuras, tal e como se pode observar nas seguintes figuras onde se aprecia que o interese da cooperación entre os axentes dos sistemas de innovación en ambos os dous lados da fronteira é moi alta.


Figura 25. Intereses dos axentes en colaborar



Fonte: elaboración propia a partir das respostas dos axentes

O 97% identifica entre as prioridades da súa organización continuar/comezar a colaboración con entidades do outro lado da fronteira, e os que non a sinalan como prioridade, mencionaron que sería interesante e moi positivo pero a dispoñibilidade de recursos fai que as prioridades teñan que ser outras.

Figura 26. Prioridade das colaboracións




Fonte: elaboración propia a partir das respostas dos axentes

No tocante a programas de financiamento, como se pode observar na figura 27 é o programa Horizonte 2020 o que a maioría dos axentes dos sistemas identifican como prioritario para a súa colaboración cun 45,26%, se ben, despois deste programa, os programas


Interreg, cun 43%, serían os que priorizarían en segundo lugar os axentes, sendo o programa de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP) o elixido para esta colaboración por unha ampla maioría dos axentes (figura 28).

Figura 27 : Programas de interese para colaboracións futuras



Fonte: elaboración propia a partir das respostas dos axentes

Figura 28 : Programas Interreg de interese para colaboracións futuras



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos nos cuestionarios


Non é de estrañar a elección do programa POCTEP como un programa destacado de interese para a colaboración dos axentes, pois este programa para o período 2014-2020, que presentou a versión definitiva do PO no mes de xaneiro de 2015, paso previo ó

lanzamento das convocatorias, moverá un orzamento total de preto de 400 millóns de euros, dos cales case 300 millóns serán financiados pola UE a través de fondos FEDER.

Así mesmo, cabe destacar que no período 2014-2020 o programa xirará arredor de 4 eixos prioritarios, moi aliñados cos intereses dos axentes da Eurorrexión:

- Crecemento intelixente a través dunha cooperación transfronteiriza para o impulso da innovación.
- Crecemento integrador a través dunha cooperación transfronteiriza a favor da competitividade empresarial.
- Crecemento sostible a través dunha cooperación transfronteiriza pola prevención de riscos e a mellora da xestión dos recursos naturais.
- Mellora da capacidade institucional e da eficiencia da administración pública a través da cooperación transfronteiriza.

Os obxectivos do programa están en liña cos obxectivos da estratexia Europa 2020, polo que a participación das rexións de Galicia e Norte en POCTEP debería contribuir á converxencia da Eurorrexión de cara ós obxectivos da Estratexia Europa 2020.



7. ÁREAS ESTRATÉXICAS DE COLABORACIÓN

Tras a aprobación das Estratexias rexionais de Galicia e da rexión Norte e co impulso que a Comisión Europea está a realizar no ámbito da cooperación transfronteiriza no marco das Estratexias de especialización intelixente, ambas rexións comparten unha visión, que é establecer un marco de colaboración para dar unha resposta ós desafíos comúns, mobilizar novas iniciativas e proxectos e abrir vías de financiamento conxuntas para estas iniciativas.


A construción de estratexias rexionais de especialización intelixente permitiu identificar tanto en Galicia como no Norte de Portugal, aquelas prioridades que deberán guiar a implantación das políticas públicas e a asignación dos recursos financeiros no eido da I+D+i. Esta identificación de prioridades, xunto cos actores, crea a oportunidade de preparar de forma conxunta unha estratexia que estableza as prioridades comúns e poida fomentar a súa implantación.

Deste xeito, a RIS3 Transfronteiriza cumpre cun obxectivo triplo:

- Incrementar a eficiencia e eficacia das políticas públicas e do sistema rexional/ interrexional.
- Explorar as sinerxías obvias nos campos da innovación e internacionalización da I+D+i, aumentando a masa crítica e aproveitándose das complementariedades existentes entre os axentes de ambas rexións. Isto permitirá á Eurorexión abordar de maneira conxunta e estruturada as oportunidades de financiamento europeas (Horizonte 2020, fondos EIE/ESIF, outros programas I+D+i, etc).
- Alcanzar niveis superiores de masa crítica baseadas nas sinerxías e complementariedades de innovación a nivel de cadea de valor, dada a crecente combinación de coñecementos e capacidades produtivas necesarias nos procesos innovadores.

Así, observáronse grandes coincidencias nas prioridades, especialmente no eido dos recursos do mar, as ciencias da vida e da saúde e a alimentación, ademais doutros ámbitos como se pode observar na seguinte figura:

Figura 29. Principais sinerxías entre as Estratexias de Galicia – Rexión Norte



Fonte: elaboración propia

A continuación, baixouse ó detalle do contido de cada unha, de cara a poder determinar os ámbitos de maior intensidade da sinerxía observada, dando lugar a unha matriz de sinerxías que se reflicte na seguinte táboa:

Táboa 7. Matriz das sinerxías entre as prioridades das RIS3 Galicia – Norte de Portugal

PRIORIDADES GALICIA			PRIORIDADES NORTE DE PORTUGAL							
			1	2	3	4	5	6	7	8
			Ciencias da Vida e a Saúde	Recursos do Mar e Economía	Cultura, Ciencia e Moda	Sistemas avanzados de Produción	Industrias da Mobilidade e Ambiente	Sistemas Agroambientais e Alimentación	Capital simbólico, Tecnoloxía e Servizos do Turismo	Capital Humano e Servizos Especializados
RETO1: Novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación	1.1	Valorización - Mar								
	1.2	Acuicultura								
	1.3	Biomasa e Enerxías Mariñas								
	1.4	Modernización Sectores Primarios								
	1.5	TIC- Turismo								
RETO2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento	2.1	Diversificación sectores tractores								
	2.2	Competitividade sector Industrial								
	2.3	Economía do coñecemento: TIC e FET								
RETO3: Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo de poboación	3.1	Envellecemento Activo								
	3.2	Alimentación e Nutrición								


LENDAS: ALTO  MEDIO  BAIXO  NON SIGNIFICATIVO 

Así, da análise desta táboa, fixándonos nos ámbitos de maior sinerxía, podemos extraer 6 áreas estratéxicas de colaboración de Galicia e Norte de Portugal:

1. Enerxías Mariñas e Biomasa.
2. Agro-bio, Industria da alimentación.
3. Industria transformadora (manufacturing).
4. Industria de Mobilidade – aeronáutica.
5. Industrias creativas, TIC e Turismo.
6. Saúde-envellecemento activo.

Estas áreas estratéxicas de colaboración foron presentadas pola Secretaría Técnica no I Foro de Baiona e foron referendadas polos axentes alí participantes, sendo ratificadas posteriormente polos axentes nas respostas obtidas nos cuestionarios, onde indicaban a área de maior interese para a cooperación, tal e como se amosa na seguinte figura:

Figura 30: Distribución de interese nas áreas Estratéxicas de colaboración



Fonte: elaboración propia

O traballo conxunto en todos estes eidos é algo inédito na historia compartida de Galicia e o Norte de Portugal, co cal se pretende acadar unha maior competitividade para as PEMEs, máis captación de investimentos innovadores de grandes empresas, máis

oportunidades para impulsar o talento dos centros de coñecemento ó servizo do sector produtivo, e polo tanto máis crecemento e máis e mellor emprego.

A continuación presentase o detalle destas áreas estratéxicas de colaboración:

7.1 ÁREA ESTRATÉXICA DE COLABORACIÓN: APROVEITAMENTO DA ENERXÍA PROCEDENTE DA BIOMASA E DO MAR

FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉXICA

Os recursos naturais dos que dispón a Eurorexión presentan sen dúbida un gran potencial no relativo á xeración de enerxía renovable, en particular resaltan as enerxías mariñas e da biomasa como recurso endógeno.

En canto ó sector da biomasa, existen sinerxías claras entre as Estratexias RIS3 de Galicia e do Norte de Portugal en relación ás fontes de xeración de enerxía fundamentalmente procedentes de residuos e subprodutos, esencialmente do sector agroforestal.

No que respecta á enerxía mariña existe unha converxencia en termos do uso específico dos recursos asociados co mar, Blue Growth, e máis en concreto ó potencial de xeración enerxética a partir das ondas e o vento, sen descartar outras fontes como as algas.

No caso da rexión galega, a Estratexia RIS3 Galicia identifica dentro da súa prioridade 1.3 a necesidade de diversificación do sector enerxético galego para acadar unha mellora significativa da eficiencia no aproveitamento de recursos naturais galegos, dando prioridade á biomasa e á enerxía mariña. Os recursos naturais de Galicia representan unha boa base para o desenvolvemento do sector enerxético, segundo datos do IDAE. O litoral galego ten un gran potencial para aproveitar a enerxía undimotriz con potencias medias de onda de 40 KW/m, só superado en Europa por Escocia e Inglaterra (segundo datos de Norvento) e cunha importante capacidade para o desenvolvemento industrial na fabricación de torres eólicas off-shore. O sistema enerxético en Galicia ten unha considerable achega ó PIB do 8%, en particular as enerxías renovables, supoñen o 0,61% do PIB nacional. En Galicia existen 883 empresas no ámbito da enerxía (PEMEs na súa totalidade). Concretamente no ámbito da biomasa e a enerxía mariña, a relación de empresas é máis ben escasa, sendo a Biomasa Forestal unha das poucas que ten maior aproveitamento, mentres que no caso da enerxía mariña, existen varias empresas relevantes no ámbito nacional como Norvento ou Galicia Mar Renovables, existindo un enorme potencial de diversificación cara este sector por parte de empresas situadas noutros sectores coma o naval e a automoción.

Pola súa banda, no caso da Rexión Norte, a Estratexia Norte 2020 RIS3 sinala no marco da área de especialización de Recursos Mariños e economía, a necesidade de promoción das actividades económicas relacionadas co mar, incluíndo a produción de enerxía orixinada polas ondas, vento e algas na súa maior parte off-shore. A costa portuguesa caracterízase por batimetrías que oscilan de 25 m ata 200 m e con declives baixos (< 3%), facilitando o desenvolvemento de parques eólicos e de outras estruturas de apoio. Unha mostra da importancia deste dominio de especialización na rexión Norte de Portugal é que existen importantes axentes empresariais relacionados coa fabricación de motores e xeradores; en particular trátase de 43 empresas que dan emprego a 2.314 traballadores e cuxo volume de negocio ascende a 930 millóns de euros xerando un valor engadido bruto de 122 millóns de euros.

Asemade, a Estratexia Norte 2020 RIS3 identifica, dentro da área de especialización das industrias de mobilidade e medio ambiente, o enorme potencial da rexión asociado á biomasa resultante da produción agroforestal.

Tendo en conta estas sinerxías identificadas polas Estratexias de ambas as dúas, é obvio que os axentes sinalasen como obxectivo concreto para a RIS3T que a biomasa e as enerxías mariñas se convertan nun polo de desenvolvemento económico para a Eurorrexión. Neste ámbito de aproveitamento da enerxía procedente da biomasa e do mar, un 42% dos axentes que responderon ó cuestionario estarían interesados en colaborar no desenvolvemento de proxectos conxuntos transfronteirizos.

TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES

Dentro desta área estratéxica de colaboración identifícanse como prioritarias as actividades para o desenvolvemento de tecnoloxías e sistemas para o aproveitamento da enerxía procedente da biomasa e do mar. En particular, priorízanse os seguintes tipos de actuacións:

Táboa 8. Tipos de actuacións priorizadas na área de Enerxías Mariñas e Biomasa

TIPOS DE ACTUACIÓNS PRIORIZADAS NA ÁREA DE APROVEITAMENTO DE ENERXÍA PROCEDENTE DA BIOMASA E DO MAR
<ul style="list-style-type: none"> • Actuacións que valoren economicamente os recursos e activos do mar. • Actuacións relacionadas co cultivo de algas e aplicación de residuos e subprodutos na produción de biocombustibles. • Actuacións que valoricen o potencial asociado á biomasa resultante da produción agroforestal. • Actuacións que desenvolvan e demostren tecnoloxías para o aproveitamento de enerxías mariñas (mareomotriz e eólica) e desenvolvan os bloques construtivos fundamentais ós sistemas mariños. • Calquera outra iniciativa que contribúa ó desenvolvemento dun sector económico “verde”, por exemplo, a través da promoción do uso de recursos enerxéticos autóctonos baseados nas enerxías mariñas e biomasa.

Fonte: elaboración propia

7.2 ÁREA ESTRATÉXICA DE COLABORACIÓN: POTENCIAR A COMPETITIVIDADE DAS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIA E BIOTECNOLÓXICA

FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉXICA

Os sectores primarios da agricultura, pesca, gandería e forestal teñen un elevado peso na economía da Eurorrexión. Existen sinerxías específicas dentro dos sectores primarios entre ambas RIS como son:

- A pesca e tecnoloxías para o mar, sempre que se entendan estas como vencelladas especificamente ó sector pesqueiro (dominio “Recursos do Mar e Economía”).
- O sector agrario e gandeiro, especificamente no uso da biotecnoloxía para a súa modernización (dominios “Sistemas Avanzados de Producción” e “Sistemas Agroambientais e Alimentación”).
- Uso das TIC para as industrias transformadoras (dominio “Sistemas Avanzados de Producción”), debido a súa transversalidade e se poderían atopar sinerxías, dentro da cadea de valor cos sectores primarios, principalmente, agricultura, gandería e pesca, que son os mencionados, se ben de forma máis xenérica na RIS3 de Galicia.

Os sectores primarios (agricultura, pesca, gandería e forestal) teñen unha prioridade específica na Estratexia RIS3 de Galicia (Prioridade 1.4) dirixida á súa modernización, principalmente sobre a base de Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFEs) e TIC, cubrindo toda a cadea de valor, sen unha definición específica de subsectores ós que dirixir estas accións, fundamentalmente entendidos de xeito xenérico (sectores primarios en xeral). Ó tratarse da utilización de TIC e TFE existe unha transversalidade clara.

No tocante á rexión de Galicia, o sector primario representa ó redor do 3,2% do VEB e ocupa máis do 8% dos traballadores do total da comunidade, 90.500 empregados. Entre os subsectores primarios de Galicia, destaca a importancia do sector da pesca, o que representa o 52% do emprego deste sector en España, o 10% de UE e en termos de VEB, o 15% da UE.

Así mesmo, destaca o sector forestal, cuxo potencial económico, incluíndo os bosques, a madeira e as súas industrias, representan ó redor do 3% do PIB en Galicia, sendo a rexión española líder neste sector. Galicia tamén lidera a produción española de gando bovino para a elaboración de carne e leite.

Dentro do sector agrario, na Estratexia Norte 2020, especificamente priorízanse subsectores como o do viño, aceite e castaña, que na Estratexia RIS3 de Galicia non aparecen especificamente relacionados, pero ó utilización de TIC e TFE para a modernización destes sectores tamén é salientable.

A rexión Norte de Portugal dispón dunha ampla variedade de recursos naturais que da lugar a un conxunto de produtos de orixe agrícola de elevado potencial como poden ser o viño, o aceite, o leite e outros. Grazas ás súas características edafoclimáticas únicas, a Rexión dispón da Denominación de Orixe Douro que apoia o potencial dos produtos procedentes da mesma como marca de calidade internacionalmente recoñecida.

Tendo en conta o volume de negocio, destaca na rexión a industria do viño, con case 800 millóns de euros, a viticultura con máis de 120 millóns de euros e a industria de fabricación de tapóns de cortiza que representa máis de 415 millóns de euros. Tamén é importante na rexión a industria do leite e derivados cun volume de negocio superior ós 720 millóns de euros e a gandería bovina para produción láctea con 52 millóns de euros. O sector da produción de carnes e produtos de fariña tamén son importantes actividades económicas na rexión, con máis de 550 millóns de euros cada un.

Os sectores primarios tamén aportan un importante número de postos de traballo na Rexión Norte. Entre estes destaca o da elaboración de produtos fabricados a base de fariña, con preto de 17.000 postos de traballo, seguidos de lonxe pola viticultura,

industria do viño e os tapóns de cortiza con 11.972 empregos e o sector cárnico con 5.557 postos de traballo, as industrias lácteas e cría de gando para produción de leite, con 3.081 persoas. E en menor medida pero tamén importante, o sector da pesca emprega 3.137 persoas.

Por estes motivos, o 54% dos axentes que responderon ó cuestionario estarían interesados en colaborar no ámbito da competitividade das industrias agroalimentaria e biotecnolóxica e identifica entre as prioridades da súa organización a colaboración con entidades do outro lado da fronteira. TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES

Neste ámbito de especialización de bioeconomía identifícanse como prioritarias as actividades relacionadas co emprego de novas tecnoloxías en todas as fases da cadea produtiva en agricultura, pesca, gandería e forestal co obxectivo da mellora e xestión dos recursos de forma eficiente e innovadora (incluíndo os residuos e subprodutos procedentes da súa transformación), a creación de redes e plataformas de cooperación para a transferencia da información e boas prácticas, o desenvolvemento de novos produtos e finalmente, o desenvolvemento de actividades relacionadas coa seguridade do usuario. En particular, priorizaranse os seguintes tipos de actuacións:

Táboa 9. Tipos de actuacións priorizadas para potenciar a competitividade na área das Industrias Agroalimentaria e Biotecnolóxica

TIPOS DE ACTUACIÓNS PRIORIZADAS NA ÁREA DE POTENCIAR A COMPETITIVIDADE DAS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIA E BIOTECNOLÓXICA

- Actuacións vencelladas coa acuicultura tanto a nivel de mellora das instalacións tecnolóxicas como no eido do aumento da biodiversidade.
- Actuacións de mellora dos procesos produtivos na agricultura, na pesca, na gandería e na silvicultura.
- Actuacións que usen a biotecnoloxía como tecnoloxía facilitadora para a súa aplicación nos sistemas agroambientais e na alimentación.
- Actuacións de valorización de actividades agroalimentarias en asociación coas relacionadas co turismo e a saúde, incluído o termalismo.
- Actuacións que reforcen a posición internacional da Eurorexión como provedora de alimentos seguros e saudables.
- Calquera outra iniciativa que contribúa á xeración de novos nichos de mercado e emprego estable e de calidade neste eido tan relevante para a Eurorexión.

Fonte: elaboración propia

7.3 ÁREA ESTRATÉXICA DE COLABORACIÓN: INDUSTRIA 4.0

FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉXICA

O obxectivo desta Área Estratéxica é reforzar o sector industrial da Eurorexión, fundamentalmente mediante o fomento de aspectos transversais como a Maquinaria, Equipamento, Medio Ambiente e TIC.

Aínda que o tema da industria transformadora é abordado de forma diferente nas Estratexias de ambas rexións, pódense atopar sinerxías específicas entre ambas para sectores como alimentación, automoción, construción naval, metal e moda. En ambos os dous casos trátase de fomentar sectores que, de xeito transversal, potencien a innovación en determinadas industrias sempre e cando se fale de aplicar as TIC ou TFE á innovación en tecnoloxías de proceso (Fábrica do Futuro) ou en tecnoloxías limpas (Eco - innovación).

Na Estratexia RIS3 de Galicia mediante a Prioridade 2.2 preténdese reforzar o sector industrial galego, fundamentalmente mediante aspectos de sectores transversais como a Maquinaria, Equipamento, Medio Ambiente e TIC, potenciando a innovación en tecnoloxías de proceso (Fábrica do Futuro) e tecnoloxías limpas (Eco - innovación). Os conceptos “Fábrica do Futuro” e “Eco-innovación” abranguen a utilización das TIC e TFE para a modernización, optimización de procesos e potenciación da competitividade.

O sector industrial galego, que inclúe a industria manufactureira e a extractiva, aporta o 19,35% do PIB da Comunidade²⁸, ocupando o segundo posto en termos de Valor Engadido Bruto despois do sector servizos. Entre os sectores industriais destaca o da Automoción que representa o 12% do PIB Galego, cunha facturación de 6.100 Millóns de euros e que emprega a máis de 19.000 persoas, aproximadamente o 11% do emprego industrial de Galicia²⁹. Outro indicador significativo das áreas de actividade industrial máis arraigadas en Galicia son precisamente os Clústeres, que aglutinan o conxunto de empresas e actividades relacionadas cun sector industrial. Outro dos sectores principais é o sector de construción Naval, xa que Galicia equipa o 52% da industria naval Española, o 7% da UE. Por último destacan o sector metal, o do téxtil moda ou o da pedra natural. No sector manufactureiro existen en Galicia importantes empresas tractoras recoñecidas a nivel internacional como poden ser PSA Peugeot-Citroën ou as empresas do grupo INDITEX.

Na Estratexia Norte 2020 existe unha prioridade no ámbito do Advanced Manufacturing, de xeito transversal, potenciando a innovación en diversos sectores da industria transformadora da Rexión do Norte.

O sector industrial da Rexión Norte ten un peso importante na economía rexional cun 32% do VEB rexional. En conxunto, o sector da maquinaria, o da confección – téxtil, o sector do automóbil, do calzado, do metal, plástico e caucho supón o 67,4% das exportacións de bens da Rexión Norte. A base empresarial asociada ás tecnoloxías de produción inclúe un conxunto diverso de actividades económicas, fornecedoras de solucións tecnolóxicas especializadas á industria transformadora, importando ganancias relevantes ó nivel da flexibilización da produción, produtividade e control. Globalmente, o volume de negocios das tecnoloxías de produción ascendeu na Rexión do Norte, en 2011, a 6.857 millóns de Euros, empregando máis de 70 mil persoas. En particular, destaca a fabricación de artigos en materias plásticas, a fabricación de motores, xeradores e transformadores eléctricos e a fabricación de elementos de construción en metal. Así mesmo, é destacable a relevancia da consultaría e programación informática, actividade subxacente á automatización e control dos procesos produtivos da industria transformadora.

²⁸ Fonte: INE, 2012.

²⁹ Fonte: CEAGA 2013.

E por este motivo, polo que o 48% dos axentes que responderon ó cuestionario están interesados en colaborar no ámbito da industria 4.0. Estes destacan que o futuro da competitividade Eurorrexional está na hibridación de sectores e tecnoloxías e na integración de tecnólogos, enxeñeiros, científicos de distintas disciplinas con creativos e deseñadores.

TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES

Nesta área estratéxica de colaboración os axentes destacan a importancia de promover o valor da industria transformadora como motor de xeración de emprego. Inciden especialmente na importancia de levar a cabo proxectos relacionados con innovación en tecnoloxías de proceso e tecnoloxías limpas. Nesta área estratéxica de colaboración identifícanse como prioritarias as seguintes actuacións:

Táboa 10. Tipos de actuacións priorizadas na área da Industria 4.0

TIPOS DE ACTUACIÓNS PRIORIZADAS NA ÁREA DA INDUSTRIA 4.0

- Actuacións que promovan a utilización das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFE) en actividades económicas con forte presenza na Eurorrexión.
- Actuacións de desenvolvemento de novos produtos tecnoloxicamente diferenciados en base á aplicación das TFEs, principalmente nanotecnoloxía, tecnoloxías de materiais ou as TIC.
- Actuacións que promovan innovacións en tecnoloxías de proceso (Fábrica do Futuro) e tecnoloxías limpas (Eco - innovación).
- Actuacións que promovan innovacións nos modelos produtivos dos principais sectores industriais.
- Calquera outra iniciativa que contribúa á transformación industrial cara a fábrica 4.0.

Fonte: elaboración propia

7.4 ÁREA ESTRATÉXICA DE COLABORACIÓN: COMPETITIVIDADE DAS INDUSTRIAS DE MOBILIDADE

FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉXICA

A área estratéxica de mobilidade aparece nas Estratexias de Especialización intelixente de ambas rexións, existindo unha clara sinerxía entre ambas en relación á importancia da utilización das TFE e as TIC como o eixo sobre o que desenvolver este sector co obxectivo de mellorar a súa sustentabilidade. Así mesmo dentro dos diferentes sectores relacionados coa mobilidade, o ámbito que aparece especificamente mencionado de xeito máis claro en ambas Estratexias é a diversificación cara o sector aeronáutico e espacial.

Na RIS3 Galicia o sector da mobilidade aparece como unha área complementaria e transversal a outros sectores estratéxicos asociado ó novo modelo industrial baseado na competitividade e coñecemento do Reto 2. En concreto menciónase a tendencia cara á transformación de sectores, como a automoción ou o naval, cunha intensidade tecnolóxica media ou media-baixa, a súa modernización a través da eco - innovación, a aplicación de tecnoloxías de produción emerxentes, as TFE ou as TIC e a súa diversificación, a sectores de alta tecnoloxía como é o caso da aeronáutica. Así mesmo a RiS3 Galicia sinala na súa prioridade 2.1 a

importancia da diversificación dos sectores tractores galegos cara novos mercados baseados na hibridación do coñecemento e a tecnoloxía como son a industria aeronáutica e aeroespacial. Por último os vehículos intelixentes, eco - eficientes, sustentables e reciclables son sinalados pola Estratexia como un reto de futuro.

No marco da Rexión de Galicia, a industria aeronáutica e o transporte do futuro son tractores doutras industrias como as de nanotecnoloxía, materiais e tecnoloxías da produción, así como do sector do metal. Mostra da importancia deste sector en Galicia é que a industria de fabricación de material de transporte emprega ó redor de 38.200 persoas, e ten un valor engadido bruto de 1.848 millóns de euros.

Así mesmo o sector metal, auxiliar da automoción e o naval, xa iniciou un proceso de diversificación cara á industria Aeronáutica e Aeroespacial e 8 empresas conseguiron certificarse como provedores de firmas como Airbus ou Boeing. Tamén destaca neste ámbito en Galicia o Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas, como polo de I+D con capacidade de atracción e xeración dunha industria relacionada especialmente innovadora.

Na Estratexia Norte 2020 menciónanse expresamente como dominio de especialización ás industrias de mobilidade relacionadas co medio ambiente, buscando solucións que reduzan o impacto ambiental e a mellora en termos de sofisticación. En termos de necesidades de investigación e innovación sinálase a tendencia cara á mobilidade eléctrica, sendo necesario mellorar a eficiencia/custo e a durabilidade e os ciclos de recarga. Do mesmo xeito indícase como necesario o aumento da dispoñibilidade de infraestruturas de carga para vehículos eléctricos e redes intelixentes. En termos de eficiencia enerxética a Estratexia Norte 2020 aposta pola mellora a través da utilización de materiais lixeiros e de novas aplicacións de nanomateriais, e pola redución do consumo mediante a obtención de coeficientes aerodinámicos menores. Por último, destácase a tendencia do cruce entre as industrias de mobilidade coa electrónica e as TIC promovendo a comunicación Vehículo - a - Vehículo (V2V), Infraestrutura - a - Vehículo (I2V) e Infraestrutura - a - Infraestrutura (I2I) e no ámbito aeronáutico búscanse solucións máis responsables co ambiente, normalmente a través do uso de combustibles ecolóxicos.

Na Rexión Norte a base industrial inclúe actividades de intensidade tecnolóxica media, asociadas ó fortalecemento especializado da industria do automóbil como a fabricación de moldes e inxección de plásticos, fabricación de compoñentes e equipamentos electrónicos e o desenvolvemento de polímeros, compostos e outros materiais avanzados como é o caso dos téxtiles técnicos. Os contratos de subministración con Embraer son, sen dúbida, o motor para a modernización da industria de mobilidade, co fin de ofrecer ós clientes máis esixentes as especificacións técnicas requiridas, en particular no campo da aeronáutica. A Rexión dispón de boas condicións de infraestruturas internas para o transporte así como empresas que aseguran a mobilidade a través de compañías aéreas, operadores de transporte público, aluguer de coches e operadores fluviais e marítimos, destacando o aumento da oferta en termos de compañías aéreas de baixo custo e o crecemento da industria de cruceiros.

Estes factores determinan que no ámbito da competitividade das industrias de mobilidade, un 20% dos axentes estarían interesados en colaborar, fundamentalmente en temas como a diversificación cara o sector aeronáutico e espacial, a redución do impacto ambiental e a utilización de TFE e das TIC.

TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES

Nesta área estratéxica de colaboración os axentes identificaron a necesidade de consolidar e dinamizar o potencial innovador da cadea de valor transfronteiriza das industrias da mobilidade e a busca de consorcios e estruturas de maior tamaño a nivel atlántico para a xeración de fontes de coñecemento conxuntas. Asemade, destacan a importancia da aplicación das TIC e TFEs para o desenvolvemento de produtos tecnoloxicamente diferenciados.

Nesta área estratéxica de colaboración identifícanse como prioritarias as seguintes actuacións:

Táboa 11. Tipos de actuacións priorizadas na área das Industrias da Mobilidade

TIPOS DE ACTUACIÓNS PRIORIZADAS NA ÁREA DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE DAS INDUSTRIAS DE MOBILIDADE

- Actuacións que promovan sinerxías entre a automoción e outros sectores relacionados como as TICs.
- Actuacións para a diversificación das industrias asociadas ó sector automoción cara novos nichos como o sector aeronáutico ou o sector aeroespacial.
- Actuacións de desenvolvemento de novos produtos tecnoloxicamente diferenciados en base á aplicación das TFE.
- Calquera outra iniciativa que permita a estruturación dun polo transfronteirizo das industrias de mobilidade para a xeración de fontes de coñecemento conxuntas e a promoción internacional da Eurorrexión como espazo privilexiado de I+D+i e investimento.

Fonte: Elaboración propia

7.5 ÁREA ESTRATÉXICA DE COLABORACIÓN: MODERNIZACIÓN DAS INDUSTRIAS TURÍSTICAS E CREATIVAS, TAMÉN MEDIANTE AS TIC

FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉXICA

Galicia e a Rexión Norte comparten unha serie de recursos endóxenos, como son o seu patrimonio cultural e natural, incluíndo as súas augas minerais e termais, que son a base desta área estratéxica para ambas rexións. Ó redor destes recursos os sectores de industrias creativas, TIC e turismo aparecen claramente mencionados en ambas estratexias rexionais debido á súa importancia. Na RIS3 Galicia o sector turístico ten unha prioridade específica e poderíamos concluír que o dominio da Estratexia Norte 2020 que máis sinerxías podería achegar con esta Prioridade da RIS3 galega sería o de “Capital Simbólico, Tecnoloxías e Servizos do Turismo” que trata de explotar, entre outras, as vinculacións do sector turístico coas TIC e as industrias creativas.

Na RIS3 Galicia o sector turístico e industrias creativas ten a súa propia prioridade (1.5) vencellada directamente ó uso intensivo das TIC para a súa modernización, existindo ademais un claro aliñamento do turismo con outro sector relacionado, no caso galego, como é o das industrias culturais e as relacionadas co patrimonio artístico e cultural no territorio. Así mesmo, a RIS3 Galicia menciona a mellora en todas as fases da cadea produtiva arredor de tres áreas de actuación: contidos innovadores, novos produtos turísticos e novas actividades económicas, e o aumento das canles de comercialización.

A importancia desta área estratéxica en Galicia vén determinada pola importancia do sector turístico rexional, que representou o 10,6% do total de PIB de Galicia no ano 2010 (6.138 millóns de euros) e xerou 135.718 postos de traballo. O 10% do conxunto das empresas galegas (20.447) pertencen ó sector turístico, sendo o 98% delas micropemes. 2.148 empresas ou servizos contan co Modelo de Aproximación á Calidade Turística. Doutra banda Galicia dispón dun sector TIC forte e moi profesionalizado, o valor engadido deste sector galego superou os 1.221 millóns de euros no 2010, o que representou o 2,14% do PIB de Galicia, e empregou a 15.484 persoas en 2012. Galicia dispón de importantes recursos endóxeos en materia de turismo, destacando o Camiño de Santiago (turismo cultural), a práctica do termalismo (turismo de saúde), o turismo enogastronómico, o turismo de natureza e o náutico e mariñeiro; xunto con factores como a calidade, a sustentabilidade e a non estacionalidade.

Na Estratexia Norte 2020 o sector turismo aparece mencionado noutros dominios aínda que tamén se aborda o “Capital Simbólico, Tecnoloxías e Servizos do Turismo” que trata de explotar, entre outras, as vinculacións do sector turístico coas TIC e as industrias creativas. A Estratexia Norte destaca as actividades turísticas e servizos vencellados á saúde, nomeadamente o termalismo e talasoterapia, o forte potencial de valorización nas actividades agroalimentarias como o enoturismo, o turismo de natureza e o rural, o náutico (fluvial e marítimo) e o de congresos. Non menos importante é que a rexión posúe sitios clasificados Patrimonio da Humanidade, proporcionando un destino de excelencia en termos histórico-culturais.

A Rexión Norte posúe uns recursos turísticos singulares (4 deles clasificados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO) e importantes infraestruturas como un aeroporto internacional, unha terminal de cruceiros turísticos, un parque hoteleiro con capacidade de crecemento no mercado internacional así como boas condicións de accesibilidade e mobilidade.

É por este motivo, polo que un 48% dos axentes estarían interesados en colaborar no ámbito das modernización das industrias turísticas e creativas a través das TIC.

TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES

Os axentes destacaron en xeral todo o relativo á aplicación das TICs ó turismo sinalando especialmente a importancia de colaborar en proxectos relativos á valorización do mar e do turismo náutico fronte a outros tipos de turismo sobre os que se lle consultaba, como pode ser o turismo de saúde.

Nesta área estratéxica de colaboración identifícanse como prioritarias as seguintes actuacións:

Táboa 12. Tipos de actuacións priorizadas na área das Industrias Turísticas e Creativas.

TIPOS DE ACTUACIÓNS PRIORIZADAS NA ÁREA DE MODERNIZACIÓN DAS INDUSTRIAS TURÍSTICAS E CREATIVAS, TAMÉN MEDIANTE AS TIC

- Actuacións de mellora en todas as fases da cadea produtiva ó redor de tres áreas de actuación: contidos innovadores, novos produtos turísticos e novas actividades económicas nas industrias creativas e no turismo.
- Actuacións que apliquen as TICs para o turismo e industrias culturais.
- Actuacións que valoricen os recursos do mar e o turismo náutico.
- Actuacións que promovan o turismo de saúde e benestar apoiado en infraestruturas turísticas e culturais como pode ser o termalismo e a talasoterapia.
- Calquera outra iniciativa que valorice os recursos turísticos (naturais e culturais) endóxenos da Eurorrexión e aceleren novos modelos de negocio a partir da aplicación das TICs.

Fonte: elaboración propia.

7.6 ÁREA ESTRATÉXICA DE COLABORACIÓN: SOLUCIÓN AVANZADAS PARA A VIDA SAUDABLE E ENVELLECIMENTO ACTIVO

FACTORES DE ESPECIALIZACIÓN QUE DETERMINAN ESTA ÁREA ESTRATÉXICA

Dadas as características demográficas e socio – económicas moi semellantes en canto á realidade de ambos territorios, cunha poboación envellecida e, ó mesmo tempo, uns sectores vencellados á vida saudable, nomeadamente a alimentación, dende o punto de vista da nutrición e do sector socio – sanitario, existen sinerxías interconectadas en diversos dominios entre a Estratexia Norte 2020 e a Estratexia RIS3 Galicia. En concreto:

- O envellecemento activo ligado ó turismo de saúde e benestar, fundamentalmente no ámbito do termalismo, no dominio “Ciencias da Vida e Saúde”
- O uso das TIC para a modernización de produtos e servizos vencellados a este turismo de saúde e benestar que aparece expresamente mencionado como sector clave para a innovación nos sectores, tanto turístico (que na estratexia Norte 2020 especificamente se define como “turismo senior”) como no sector saúde.
- A valorización e diversificación dos sectores agroalimentarios e nutrición.

A RIS3 de Galicia establece dúas prioridades que teñen que ver coa saúde. A Prioridade 3.1 que xira entorno a eses 3 grandes eidos vinculados: envellecemento, vida saudable e sector socio – sanitario, dando ademais especial relevancia á aplicación das novas tecnoloxías como elemento que contribúa ó seu desenvolvemento. En Galicia, máis do 23% da poboación ten unha idade superior ós 65 anos e o peso das “Actividades sanitarias e de servizos sociais” no PIB galego é do 6,53%. Como axentes relevantes desta área en

Galicia destacan a presenza do SERGAS como principal axente con capacidade tractora, e con capacidade para a xeración e explotación de coñecemento nos complexos hospitalarios universitarios, as Fundacións de investigación sanitarias e os institutos de investigación. Doutra banda, Galicia conta como recurso endógeno co termalismo, composto por 20 balnearios (o 17,07% de toda España) e 5 talasos, que reciben cada ano a máis de 100.000³⁰ usuarios.

Por outra banda, a Prioridade 3.2 de RIS3 Galicia pretende reforzar a posición de Galicia, a nivel internacional, como provedora de alimentos seguros e saudables do sector industrial alimentario competitivo e innovador fomentando a produción de alimentos de alto valor engadido (funcionais, seguros e de calidade diferencial). As actividades “Agricultura, gandería e pesca” supoñen o 3,9% do PIB galego e o 7,87% dos postos de traballo galegos.

A “Industria de alimentación e bebidas” representa o 2% do PIB da rexión e o 2,5% do emprego. En termos de facturación, a industria alimentaria galega tivo uns ingresos de 7.068.468 millóns de euros en 2011. Tres das dez empresas con maior facturación de Galicia pertencen ó sector agro - alimentario (Pescanova, Gadis e Vego Supermercados).

Na Estratexia Norte 2020 non existe como tal un dominio que vencelle de forma tan directa todos estes ámbitos de coñecemento. O dominio Ciencias da Vida e Saúde da Estratexia pretende consolidar dinámicas de articulación entre a investigación rexional e as empresas nas industrias e servizos da saúde en sentido amplo, incluíndo así ó sector alimentación. Tamén se promove o turismo de saúde e benestar, nomeadamente o termalismo e a talasoterapia, apoiado en infraestruturas turísticas e culturais, vencellado a outros sectores transversais como as TIC, así como un forte potencial de valorización nas actividades agroalimentarias en asociación con actividades relacionadas co turismo e a saúde, sustentado nas augas minerais e termais. A Rexión Norte dispón de activos tecnolóxicos relevantes en áreas científicas directamente relacionadas coas Ciencias da vida e a saúde. O volume de negocios da rexión en actividades de saúde é duns 3.224 millóns de euros e emprega a 73.405 persoas. As actividades relacionadas coa venda de produtos farmacéuticos supoñen un volume de facturación de 2.795 millóns de euros. Tamén cabe destacar a fabricación dos produtos farmacéuticos e a de equipo médico e cirúrxico, cuxo volume de negocios situouse en 159 e 75 millóns de euros respectivamente e empregaban en conxunto a 2.418 persoas en 2011.

É por este motivo, polo que un 43% dos axentes que responderon ó cuestionario estarían interesados en colaborar no ámbito de solucións avanzadas para a vida saudable centrada no envellecemento activo.

TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS IDENTIFICADAS POLOS AXENTES

Nesta área estratéxica de colaboración os axentes destacaron a importancia de desenvolver actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas, especialmente das persoas maiores e dos mozos a través do uso das TICs. Así mesmo, os axentes identificaron a necesidade da creación dun ecosistema de Saúde Transfronteirizo.

Nesta área estratéxica de colaboración identifícanse como prioritarias as seguintes actuacións

30 Fonte: Observatorio Nacional do Termalismo e Desenvolvemento Rural (<http://www.observatoriotermalismo.org/cifras.php>).

Táboa 13. Tipos de actuacións priorizadas na área de Vida Saudable e Envellecemento Activo

TIPOS DE ACTUACIÓN PRIORIZADAS NA ÁREA DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA A VIDA SAUDABLE E ENVELLECIMENTO ACTIVO	
•	Actuacións que apoiem o desenvolvemento e introdución no mercado de novos produtos ou servizos biotecnolóxicos de alto valor engadido, dirixidos especialmente á industria farmacéutica e biotecnolóxica.
•	Actuacións que apoiem o desenvolvemento e introdución no mercado de novos produtos ou servizos baseados en aplicacións da nanotecnoloxía aplicada a área da saúde e envellecemento activo.
•	Actuacións que consoliden o desenvolvemento e comercialización de novos produtos ou servizos baseados nas TICs vencellados ó envellecemento activo e vida saudable.
•	Actuacións de valorización de residuos a través de novas aplicacións farmacolóxicas a partir de subprodutos e descartes da actividade pesqueira.
•	Actuacións que propicien un ambiente axeitado para o florecemento de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica atendendo ás demandas tecnolóxicas do apoio domiciliario e da monitorización remota de enfermos e persoas de idade avanzada.
•	Actuacións pioneiras no eido da Compra Pública Innovadora.
•	Calquera outra iniciativa que contribúa á xeración de novos nichos de mercado e emprego estable asociado ás actividades económicas comprendidas nesta área estratéxica de colaboración a través dun uso intensivo de coñecemento e tecnoloxía.

Fonte: elaboración propia

8. MECANISMOS DE XESTIÓN

O presente apartado describe como se realizará a implementación da Estratexia RIS3T da Eurorexión Galicia – Norte de Portugal 2015-2020, que será liderada pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) e pola Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte (CCDRN), tal e como sucedeu durante a fase de definición de cada unha das rexións implicadas na Estratexia transfronteiriza.

Baseado na experiencia do traballo conxunto realizado durante os meses da definición da RIS3T por todos os axentes que integran o ecosistema da innovación de ambas rexións, propónse, no presente apartado, a estrutura que se articulará para a súa correcta implementación así como as ferramentas que utilizará o equipo xestor ou Secretaría Técnica.

Así, a estrutura de xestión da RIS3T proposta sería a que se mostra, de maneira gráfica, a continuación:

Figura 31. Estrutura de xestión da RIS3T



8.1 ESTRUCTURA DE XESTIÓN

8.1.1 Comité de Dirección

Este Comité de Dirección está composto por representantes a nivel político de ambas rexións, a través do cal estarían representados os membros dos organismos que cumpren unha función análoga en cada unha das rexións aínda que dunha forma indirecta, a saber:

- Consello Reitor de GAIN, este órgano é o responsable do rendemento global da aplicación da Estratexia RIS3 en Galicia, representando transversalmente á Xunta de Galicia, garantindo deste xeito a orientación transversal e coordinada das políticas de innovación a nivel rexional.
- Conselho Regional de Inovação, órgano presidido pola CCDRN, está composto por empresas, produtores de tecnoloxía, entidades do sistema científico e tecnolóxico, universidades, asociacións empresariais ou entidades de planeamento e de xestión de políticas de I&D.

Así, serán o director de GAIN como representante galego e o Vicepresidente da CCDRN como representante portugués os que participen nas xuntanzas deste Comité de Dirección.

Entre as funcións principais deste Comité de Dirección RIS3T atópanse as seguintes:

- Establecemento de obxectivos e control das actividades.
- Responsable do rendemento global da aplicación da Estratexia.
- Apoio político e institucional.
- Selección dos membros do Equipo Xestor e supervisión do mesmo.
- Revisión do cumprimento de obxectivos de alto nivel.

8.1.2 Equipo Xestor RIS3T

A nivel técnico, o equipo xestor do proceso estará composto por persoal designado polo Consello Reitor da Axencia Galega de Innovación (GAIN) en nome de Galicia e polo Conselho Regional de Inovação, presidido pola CCDRN, en nome da Rexión Norte.

Este Equipo Xestor será o responsable da implementación operativa, no día a día, da Estratexia, e as súas funcións principais son as seguintes:

- Responsabilizarse do seguimento do plan de acción, da supervisión do nivel de cumprimento dos obxectivos, da monitorización das actividades e do seu grao de execución;

- Realizar os informes de progreso e elevalos ós membros do Consello Reitor.
- Elevar ó Consello Reitor RIS3T propostas de modificación e revisión da Estratexia en base ós resultados da avaliación.
- Coordinación dos Grupos de Traballo.
- Recompilar o consenso interrexional ó redor da Estratexia.
- Coordinar as tarefas de avaliación da Estratexia.

8.1.3 Grupos de Traballo

No seguinte nivel en canto á Estrutura de Xestión, e dirixíndonos cara a base do sistema, cada vez máis preto da cidadanía e dos membros do sistema de innovación, atopámonos cos Grupos de Traballo. Estes Grupos, coordinados polo Equipo Xestor, están formados polos principais stakeholders a ambos lados da fronteira, contemplando os diferentes tipos de entidades integrantes dos Sistemas de Innovación Rexionais e a cadea de valor da innovación de xeito integral (dende a xeración de coñecemento ata a posta en mercado da I+D+i).

A súa función será servir de canle articulada para recoller a participación, coordinación e achegas dos restantes axentes do sistema de I+D+i, exercendo labores de apoio ó Equipo Xestor durante todo o proceso de definición da Estratexia.

Na elaboración desta Estratexia RIS3T Galicia – Norte de Portugal, establecéronse seis Grupos de Traballo, en función das 6 áreas estratéxicas de actuación identificadas, que se propón que continúen participando na execución da mesma. Os grupos de traballo serán por tanto os seguintes:

- 1) Enerxía procedente da biomasa e do mar.
- 2) Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica.
- 3) Industria 4.0.
- 4) Industrias da Mobilidade.
- 5) Industrias turísticas e creativas.
- 6) Vida saudable e Envellecemento activo.

8.2 FERRAMENTAS DE XESTIÓN

Mantendo as estruturas utilizadas durante o desenvolvemento da Estratexia RIS3T, o equipo xestor seguirá a contar con ferramentas como a APP, os Foros RIS3T, ademais de con outras de nova creación como o Observatorio, que se describirán a continuación.

8.2.1 APP RIS3T

Aplicación móbil desenvolvida durante a execución da RIS3 para fomentar a participación dos axentes do ecosistema de I+D+i da Eurorrexión, que continuará activa para favorecer o contacto entre os axentes e entre estes e os membros do Equipo Xestor (Secretaría Técnica).

8.2.2 Foros RIS3T

De cara a dar acollida no proceso a unha representación máis ampla dos Axentes da Eurorrexión, durante o deseño da Estratexia estableceuse a celebración de Foros RIS3T transfronteirizos, co fin de difundir e visualizala, servindo ademais de plataforma para participación aberta, consulta ou networking dos axentes participantes no desenvolvemento da mesma de cara a xerar iniciativas e proxectos conxuntos.

Unha vez definida a devandita Estratexia, a súa implementación e seguimento apoiaranse en Foros periódicos que, realizados ata 2020, actuarán como punto de encontro dos axentes, servirán para poñer en común todos os contidos desenvolvidos e posibilitarán un mellor seguimento da execución.

Estes foros, ó igual que sucedeu no momento de definición da Estratexia, poderán desenvolverse tanto de forma presencial como online. Prevese que se celebre polo menos un Foro Anual RIS3T de forma presencial.

8.2.3 Observatorio RIS3T

Por outra banda, a implementación da Estratexia RIS3T apoiárase tamén na información recompilada a través dun Observatorio, que permitirá obter datos relevantes de cara á monitorización do ecosistema de I+D+i da Eurorrexión e dos resultados obtidos na execución da Estratexia. Dito observatorio, pendente de creación, porase en marcha nos próximos meses.

9. SISTEMA DE AVALIACIÓN

O presente apartado describe o Sistema de Avaliación para medir o grao progresivo en que se conseguen os obxectivos fixados na Estratexia RIS3T da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal 2015-2020, establecendo un Plan de Seguimento da Estratexia que será monitorizado por parte dun Observatorio creado a tal efecto, como órgano responsable de analizar o impacto en Galicia e no Norte de Portugal das políticas públicas de innovación en dous momentos principais: na Avaliación Intermedia (2018) e na Final (2020).

O éxito da Estratexia RIS3T da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal 2015-2020 dependerá, como calquera política de fomento da innovación, das interaccións entre organizacións públicas e privadas, incluídas as empresas pequenas e grandes, universidades, organismos públicos, intermediarios financeiros e a cidadanía en xeral, ó que habería que engadir o aspecto interrexional.

A Estratexia RIS3T tratará de motivar a todos estes actores, o modo no que interactúan e os modos de colaboración que utilizan, para facer fronte a desafíos socioeconómicos, mediante unha ampla combinación de medidas de innovación a implementar a nivel interrexional.

Neste contexto, para ser realmente eficaz, a Estratexia RIS3T debe estar obrigatoriamente orientada, e de forma inequívoca, á consecución de resultados. Esta orientación require fixar a metodoloxía que se seguirá para proceder a medir o grao progresivo en que os obxectivos fixados se acadan co fin de promover os axustes que se derivarán da evolución destes.

9.1. METODOLOXÍA PROPOSTA

A monitorización e avaliación de resultados é crítica para obter unha aprendizaxe útil do impacto dunha política, así como tamén o é implementar unha comparación sistemática con respecto doutras rexións en canto á aplicación das súas Estratexias RIS3.

Con este fin establecerase un Observatorio que permitirá analizar e diagnosticar o impacto das políticas de innovación na Eurorrexión e monitorizar dunha forma dinámica a evolución do sistema conformado polos axentes radicados a ambos lados da fronteira, actuando como un repositorio de datos para a Eurorrexión.

Con todos estes datos de seguimento da RIS3T, poderanse extraer conclusións que serán plasmadas en:

- Un informe anual de carácter xeral sobre os Sistemas de Innovación de Galicia e do Norte de Portugal e a Estratexia RIS3T.
- Varios informes de enfoque máis sectorial, vinculados ós avances relativos a cada un dos ámbitos prioridades pola Estratexia.

Así mesmo, realizaranse análises temporais sobre a execución da Estratexia que serán plasmados en:

- un informe intermedio (2018), que analizará a execución da Estratexia no momento intermedio da mesma, os resultados ata esa data e as posibles desviacións identificadas.
- un informe final (2021), que analizará os resultados e o impacto da Estratexia unha vez finalizado o período de vixencia da mesma.

9.2. ORGANISMOS RESPONSABLES

De forma previa á concreción dos órganos responsables da avaliación da Estratexia RIS3T, cabe matizar a dobre vertente implícita en todo proceso de avaliación.

- Dunha banda, están os labores de seguimento ou monitorización cuxo obxectivo é verificar que as actividades da estratexia se executan segundo o previsto, os fondos se utilizan correctamente e os indicadores de execución evolucionan na dirección desexada.
- Doutra banda, a avaliación propiamente dita, ten como obxectivo valorar os efectos das accións realizadas (é dicir a súa contribución ós cambios observados) así como a propia execución da Estratexia.

Ambos os dous procesos, seguimento e avaliación, complementáanse entre si.

No apartado 'Mecanismos de Xestión' definíronse os distintos órganos implicados na xestión da estratexia, na coordinación das distintas actividades así como na súa execución. Tanto o seguimento como a avaliación basearase na estrutura formal de xestión definida.

O seguimento realizarase, directamente, polo Equipo Xestor da RIS3T pois a súa participación é, evidentemente, necesaria para o seguimento do plan de acción, a supervisión do nivel de cumprimento dos obxectivos, a monitorización das actividades e do seu grao de execución, cuxos resultados serán trasladados ó Consello Reitor co obxecto de propoñer medidas correctoras en caso de detectarse incumprimentos ou desviacións nos fitos e resultados previstos.

A avaliación realizarase de forma externa ás estruturas establecidas, co apoio de expertos externos que intervirán no momento intermedio e final da implementación da Estratexia e elaborarán informes de avaliación da mesma.

ANEXO

RETOS E PRIORIDADES DAS ESTRATEXIAS REXIONAIS DE GALICIA E DA REXIÓN NORTE DE PORTUGAL

A. ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE DE GALICIA 2014-2020

RETO 1. Novo modelo de xestión innovadora de recursos naturais e culturais baseado na innovación

Modernización dos sectores tradicionais galegos a través da introdución de innovacións que incidan na mellora da eficiencia e rendemento no uso dos recursos endóxenos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas; acuícolas; farmacolóxicas; cosméticas; alimentarias; e culturais.

PRIORIDADES DO RETO 1	
1.1	Valorización dos subprodutos e residuos xerados polas cadeas de produción vencelladas ó mar mediante a súa utilización como componentes de produtos cosméticos; aditivos alimentarios; aplicacións farmacolóxicas; para conseguir unha diminución significativa nos residuos xerados e acadar un posicionamento nos mercados de produtos innovadores con alto valor engadido [Valorización-Mar]
1.2	Desenvolvemento do sector acuícola galego para converter a rexión en referente internacional na xeración de novos produtos e servizos de base tecnolóxica aplicados á acuicultura [Acuicultura]
1.3	Diversificación do sector enerxético galego para acadar unha mellora significativa da eficiencia no aproveitamento de recursos naturais galegos priorizando a biomasa e a enerxía mariña. [Biomasa e Enerxías Mariñas]
1.4	Modernización dos sectores primarios galegos (agricultura, pesca, gandería e forestal) cara á mellora sostible dos indicadores de eficiencia e rendibilidade das explotacións e á xeración de produtos e servizos innovadores [Modernización Sectores Primarios]
1.5	Modernización do sector turismo e das industrias culturais galegas a través do uso intensivo das TIC para acadar un sector turístico competitivo a nivel Europeo baseado no turismo cultural e nos recursos naturais [TIC-Turismo]

RETO 2. Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento

Aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través da hibridación e as Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais.

PRIORIDADES DO RETO 2	
2.1	Diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través dun uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras [TFEs], orientado ó fornecemento de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, no coñecemento e na tecnoloxía. [Diversificación Sectores Tractores]

PRIORIDADES DO RETO 2

2.2	Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de "Fábrica do Futuro" e a través da Eco-innovación para a mellora da eficiencia e do comportamento medioambiental na industria. [Competitividade Sector Industrial]
2.3	Impulso das TIC como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, ó igual que outras tecnoloxías facilitadoras esenciais [Impulso da Economía do Coñecemento]

RETO 3. Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación.

Situar a Galicia para o ano 2020 como a rexión líder no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable: envellecemento activo, a aplicación terapéutica de recursos hídricos e mariños e a nutrición funcional.

PRIORIDADES DO RETO 3

3.1	Galicia como rexión líder no sur de Europa na aplicación das novas tecnoloxías ó ámbito do envellecemento activo e a vida saudable e na promoción da autonomía persoal [Envellecemento Activo]
3.2	Diversificación do sector alimentario galego para situalo como referente internacional ó redor da innovación en nutrición como elemento chave para unha vida saudable [Alimentación e Nutrición]

B. ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE NORTE 2020

DOMINIOS PRIORITARIOS	
Recursos do Mar e Economía	Establecemento de relacións de articulación entre enxeñaría aplicada (civil, mecánica, naval, robótica, enerxía, biociencias e tecnoloxías da información, materiais), recursos do mar (vento, ondas, algas, praias, etc) e actividades económicas que os valoricen (construción naval, produción de enerxía en offshore, construción de plataformas, turismo náutico, biocombustibles, alimentación e acuicultura offshore, etc).
Capital Humano e Servizos Especializados	Promoción de competencias acumuladas na área das TIC (en particular, no desenvolvemento de aplicacións multimedia e na programación e enxeñaría de sistemas), para o desenvolvemento de solucións de goberno electrónico, a desmaterialización de procesos e, en relación coa reconversión de capital humano, o aproveitamento das tendencias para operacións de Servizos Especializados para localizacións de proximidade (centros de enxeñaría, de servizos compartidos e de contacto).
Cultura, Deseño e Moda	Explotación do potencial das industrias creativas (sobre todo nas áreas de deseño e arquitectura), de novos materiais e de tecnoloxías de produción innovadoras, na creación de novas vantaxes competitivas en sectores vencellados á produción de bens de consumo cunha forte compoñente de deseño, nomeadamente o téxtil e vestuario, calzado, accesorios, mobiliario, xoiería, etc.
Industrias da Mobilidade e Ambiente	Aproveitamento das competencias científicas nas áreas das tecnoloxías de produción e dos materiais, potenciadas polos contratos de fornecemento con Airbus e Embraer, para a promoción da actualización das industrias de compoñentes de automóviles e de moldes, para o fornecemento de clientes máis esixentes nas especificacións técnicas, nomeadamente na área da aeronáutica.
Sistemas Agroambientais e Alimentación	Articulación do potencial agrícola rexional en produtos de elevado valor engadido (viño, aceite, castaña, etc) con competencias científicas e tecnolóxicas (enoloxía, enxeñaría, bioloxía, biotecnoloxía, etc) e empresariais (leite e derivados, vitivinicultura, etc) para o desenvolvemento de produtos asociados, nomeadamente a alimentación funcional e a gastronomía local, e destinados a segmentos de demanda máis dinámicos.
Ciencias da Vida e da Saúde	Consolidación das dinámicas de articulación entre a investigación rexional (nomeadamente, ó nivel da enxeñaría de tecidos, do cancro, das neurociencias e do desenvolvemento das técnicas cirúrxicas) e as empresas nas industrias e servizos na área da saúde en sentido amplo (farmacéutica, dispositivos médicos, prestación de servizos de saúde, turismo de saúde e benestar e cosmética).
Capital Simbólico, Tecnoloxías e Servizos do Turismo	Valorización de recursos culturais e intensivos en territorio, aproveitando as capacidades científicas e tecnolóxicas, nomeadamente nas áreas da xestión, marketing e TIC, e a oferta turística relevante, promovendo percorridos e itinerarios como forma de aproveitamento das principais infraestruturas de entrada de visitantes.
Sistemas avanzados de Producción	Desenvolvemento de fileiras asociadas ás Tecnoloxías de Longo Espectro, nomeadamente os Sistemas de Producción Avanzados, Nanotecnoloxías, Materiais e TIC, conxugando a existencia de capacidades e infraestruturas científicas e tecnolóxicas, e de sectores usuarios relevantes, a través do reforzo do tecido empresarial existente (no caso das tecnoloxías de produción e das TIC) ou da creación de novas empresas (sobre todo na área da nanotecnoloxía e da produción de novos materiais).